


# LÚA NOVA

nº 63 XANEIRO 2024

REVISTA GALEGA DE CULTURA  
A.C.G. ROSALÍA DE CASTRO | CORNELLÀ (BARCELONA)



[acgrosaliadecastro@gmail.com](mailto:acgrosaliadecastro@gmail.com)

BAR  
RESTAURANTE

# Rosalía de Castro

TU PEQUEÑO  
RINCÓN DE  
GALICIA EN  
CORNELLÀ



Menús de Martes a Domingo / Desayunos a partir de las 9,30 de la mañana / Cenas y comidas: Carta diaria

**SALONES PRIVADOS PARA CELEBRACIONES DE EMPRESAS Y PARTICULARES**

## ESPECIALIDADES:

EMPANADA ARTESANA, PULPO, LACÓN, CARNES, PESCADOS,  
MARISCO, CALDO GALLEGO, JAMÓN, QUESOS,  
POSTRES ARTESANOS, VINOS GALLEGOS, AGUARDIENTES, ETC.

**ABIERTO DESDE  
LAS 9,30 DE LA  
MAÑANA HASTA  
LAS 12 DE LA NOCHE**

Carrer de Frederic Soler, 71 • 08940 Cornellà de Llobregat • Tel. 93 605 11 26 • M. 613 91 27 07

## LÚA NOVA

Revista galega de difusión cultural e social

### DIRECTOR

Antonio Díaz Fernández.

### CONSELLO DE REDACCIÓN

Xulio Couxil Vázquez, Abel Vázquez,  
Xulio Simón Rúa, A. do Neto,  
Oliver Fernández.

### COLABORAN NESTE NÚMERO:

Xulio Cougil, Xulio Simón,  
Henrique Fernández-Mon Sánchez,  
Iria Fernández Crespo, Armando Fernández,  
Nieves Fernández Videira, Carlos X. Ares,  
Amparo Centeno, Paco Ascón,  
Xosé Manuel Fernández Montes,  
Manoel Carrete, Bartolomé Jiménez,  
Eduardo Carreira, Marí Xosé Porteiro,  
Lucía Ferro, Moncho Paz  
e Real Academia Galega.

### CAPA:

A. Díaz (Torre de Hercules e o  
Rei Celta Breugan obra de José Cid).

### PRODUCCIÓN E AUTOEDICIÓN:

ACEGA-Edicións

### DESEÑO E MAQUETACIÓN:

Tren Estudi Gràfic, S.L.

### IMPRESIÓN:

Reial Color, S.L.

**DEP. LEGAL:** B-26.985-95

**R.M.:** M-1296612-1.989

Autorízase a reprodución do  
contido desta revista sempre  
que se cite a súa procedencia  
e o autor, sendo comunicado  
á entidade que edita esta  
publicación.

LÚA NOVA non se identifica,  
necesariamente coas opinións  
recollidas nos artigos polos  
seus autores.

**XANEIRO 2024 - N° 63**

### EDITA:

**A.C.G. Rosalía de Castro**

Federico Soler, 71 - 08940 Cornellà  
Mailto: acgrosaliadecastro@gmail.com

**Membro de Xuntanza de Catalunya**

### PRESIDENTE:

Oliver Fernández

*Síguenos en:*

**facebook.com/lua\_nova**

**www.acgrosaliadecastro.es**



# TABULEIRO DE CONTIDOS

4/6

Castelao. Madrid. Coimbra.

7

Festival de Bandes de Gaites  
Villa de Xixón 2023

8/10

Letras Galegas 2023.  
Adicadas a Francico Fernández del Riego.

11/14

A Illa de Cortegada.

15/29

Actividades da entidade.

30/35

Certame de poesía en lingua galega.  
Rosalía de Castro, 2023.

36/39

As nosas músicas.

40/41

“Prisciliano foi un home alternativo e visionario”.

42/43

Seres humanos pensantes, ¿exercemos?

44

Eduardo Carreira López.

45

Retornada. Lucía Ferro.

46/50

Homenaxe A Xosé Lamela Bautista.

51/52

Camiño Andado 2023.  
América, América (F. Kafka)

53/54

Vigo Noir, cidade ilustrada.

55/56


Un carteiro labrego.

57/58

Curiositats sobre Galicia.

59

Fraseoloxía nacional popular.



# CASTELAO

## MADRID-COIMBRA

*Auditorio Nacional de Música de Madrid, 30/10/23*

Por: **Xulio Simón Rúa**



*Alfonso Daniel Rodríguez Castelao  
(1886 Rianxo; 1950 Buenos Aires).*

Celebrouse o día 30 do outubro pasado, no Auditorio Nacional de Música de Madrid un acto co gallo do *Día de Recordo e Homenaxe a todas as vítimas do golpe militar, a Guerra e a Ditadura*. O presidente da Fundación Castelao, Miguel Anxo Seixas foi o encargado de recoller, de mans do presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, a “Declaración de Reparación e Recoñecemento Persoal” para Castelao, o político e escritor galego (1886 Rianxo; 1950 Buenos Aires).

Foi unha xornada na que se homenaxeou a 18 persoeiros entre eles a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, de quen se destacou o seu labor de “ensaísta, novelista, dramaturgo, debuxante, médico e político” e o estar “considerado como un dos pais do nacionalismo e da narrativa en galego”.

No acto, salientouse o seu labor como escritor antes de ser elixido deputado en Cortes na Segunda República, primeiro como galeguista independente e logo pola Fronte Popular, ademais de ser o impulsor do Consello de Galicia en Buenos Aires e de formar parte do goberno republicano no exilio.

No encontro entregáronse as 18 “Declaracións de Reparación e Recoñecemento Persoal”, entre as que se incluíu a de Castelao, pero


ademais de Castelao, entre os 18 homenaxeados tamén estaba o escritor catalán Salvador Espriu; e o escritor vasco Gabriel Aresti que tiveron certa relación con Galicia:

Gabriel Aresti no 1968 traduce ao euscaro O catecismo do labrego: *Nekazariaren Dotrina*. Tamén os Seis poemas galegos de García Lorca en edición tetralingüe: Gabriel Aresti (éuscaro), Ricard Salvat

(catalán) e Ánxel Fole (castelán). Mantivo correspondencia con Manuel María con quen intercambiou algún libro e con Alonso Montero.


No 1969, un 13 de decembro, Salvador Espriu escribe a Neira Vilas dende Barcelona, pregúntalle por Manuel María, por Celso Emilio Ferreiro e dille que coñece a obra de Otero Pedrayo a de Castelao e a de Risco.

Espriu contoulle nunha ocasión a Xosé Lois García, que tiña nunha gabela da mesa do seu escritorio, o poemario *Romanceiro da Terra Chá* de Darío Johán Cabana co que mantivo unha curta correspondencia.



*Salvador Espriu*

No 1975 Co gallo do 25 cabodano do pasamento de Castelao na galería de Sargadelos de Barcelona realizouse unha exposición das láminas do álbum “Nós”. No catálogo figuran palabras de Isaac Díaz Pardo e de Salvador Espriu, quen di: “Castelao é un valor universal. Mais non hai dúbida algunha que un catalán pode velo e comprendelo cunha emoción e simpatía particular, pola relativa afinidade dos nosos problemas cos específicos de Galicia. Non teño espacio nin capacidade pra glosar, nin unha por unha nin en conxunto, estas tenras, intelixentísimas, ferintes e nalgún intre arrepiantes –mais tamén esperanzadoras– estampas e as súas lendas. Díxose, por outra banda, que o que sabe cala. Os ollos que saben mirar, que contemplan, cun profundo e respetuoso silencio, esta alta lección do arte e do espírito da máis enxebre Galicia”.



*Gabriel Aresti*

Desbotaron acudir a esta celebración a presidenta da Comunidade de Madrid, Isabel Díaz Ayuso, e o alcalde madrileño Martínez-Almeida. Tamén rexeitou o convite o ex-presidente da Xunta e actual líder do PP, Alberto Núñez Feijóo. Tomando as derradeiras palabras de Salvador Espriu, no catálogo daquel acto da Galería Sargadelos de Barcelona de 1975, “Castelao sorri, quizais con ironía, con beizos finos dende a súa ganada e serea inmortalidade”.

Quen si estivo presente no acto foi a vicepresidenta e ministra de Traballo, a galega Yolanda Díaz, que nas súas redes sociais destacou o recoñecemento a Castelao, “figura histórica do país” que “traballou pola aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia, por un país máis democrático e plural” e que “Morreu no exilio, como tantos outros galegos e galegas”.

## Coimbra, setembro/outubro 2023

Este acontecemento tróuxeme á memoria outro celebrado hai pouco en Coimbra no que tamén se lembrou a figura de Castelao, dentro do que foi a “Mostra de Teatro Galego” que tivo lugar entre o 28 de setembro ao 7 de outubro de 2023 e que tenta contribuir a facer máis visible o que aproxima a Galiza e a Portugal. Á parte de teatro houbo outras actividades como danza, presentación de libros, narración oral, exposicións fotográficas...

Co gallo destes actos editouse un xornal que comeza co texto “Um abraço à Galiza” de “A Escola da Noite”, grupo de teatro de Coimbra e a “Cena Lusófona”, Associação Portuguesa para o Intercâmbio Teatral. O artigo comeza cunhas verbas de Cândido Pazó que dicía “O galego e o portugués están máis próximos do que poidamos pensar e máis distantes do que queremos crer”.

Por Coimbra pasaron ademais de Cândido Pazó, Quico Cadaval, Excéntricas Producións, Sarabela Teatro, Contraproducións, Teatro do Atlántico, Os Naufragos Teatro, Ánxeles Cuña, Avelina Pérez, Carme Portaceli, Carlos Valente, Fran Núñez, G.O.D. Flávia Antónia, Mercedes Prieto, Sérgio Cobos, Vânia Couto, Buga Lopes e Constança Ochoa.



*Alonso Montero en Coimbra no 2023*

Tiven a sorte de estar presente nunha das actividades: o día 30 de setembro, na mesa redonda que tivo lugar no Centro de Artes Visuais co título de “Castelao e a súa época em Coimbra” que contou coa presenza do profesor Xesús Alonso Montero. Neste día recordábase a pasaxe por Coimbra de Ricard Salvat, Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo e Xesús Alonso Montero entre novembro de 1968 e abril de 1969.

Ricard Salvat montara xunto cos estudantes da Universidade de Coimbra o espectáculo “Castelao e a súa época”, no que colaboraron Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo e Alonso Montero. Un día antes da estrea, o espectáculo foi prohibido e Salvat acompañado á fronteira española.

Nesa mesa redonda “Castelao e a súa época em Coimbra”, participaron Antonio Iglesias Mira, Carlos Valente, Isabel Pinto, João Viegas, Ricardo Seiça Salgado e Xesús Alonso Montero.

Recóllese o seguinte no xornal publicado con ese motivo:

“Castelao e a súa época: recordando a passagem por Coimbra de Ricard Salvat, Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo e Xesús Alonso Montero. Entre Novembro de 1968 e Abril de 1969, o encenador catalão Ricard Salvat esteve em Coimbra a dirixir un curso de teatro organizado polo CITAC–Círculo de Iniciação Teatral da Academia de Coimbra.

Desse curso resultou a creación do espectáculo “Brecht+Brecht”, com textos do dramaturgo alemão, estreado em Fevereiro de 1969. E deveria ter

resultado a estrea de um segundo espectáculo, intitulado “Castelao e a sua época”, cujo guião integrava o segundo acto da peça “Os vellos non deben de namorarse”, do escritor galego Afonso Daniel Castelao, bem como poemas, canções e textos de mais de três dezenas de diferentes autores/autoras, da Galiza, de Portugal, da Catalunya e de outros pontos da Península Ibérica. [...] Da equipa artística deste espectáculo, escolhida por Ricard Salvat, fizeram parte três nomes fundamentais da cultura Galega: Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane (concepção plástica do espectáculo) e Xesús Alonso Montero, que se deslocou a Coimbra para proferir uma conferência sobre Castelao. A música do espectáculo, a cargo do compositor português José Niza, integrava canções inéditas a partir de poemas de Rosalía de Castro, incluindo o “Cantar da Emigração”, cuja interpretação por Adriano Correia de Oliveira, também ele membro do CITAC, viria a tornar-se um símbolo da luta estudantil.

Em plena Crise Académica de 1969 e sob a forte repressão das autoridades do Estado Novo, o espectáculo acabaria por não estrear, proibido pela censura. Na véspera da estrea, após o ensaio geral, a PIDE foi buscar Ricard Salvat à casa onde residia e expulsou-o do país, entregando-o à policia espanhola na fronteira de Vilar Formoso”.

Foi un acontecemento moi emotivo que rematou coa intervención do profesor Alonso Montero, que deixou un tema para ter en conta e é a posible participación nese acto de censura de Manuel Fraga Iribarne, daquela ministro de Franco.



*Alonso Montero en Coimbra no 1969*



# Festival de Bandes de Gaites Villa de Xixón 2023

**A** principios do mes de agosto, a nosa Banda de Gaites Rosalía de Castro de Cornellá, participou no Gala da XXIII edición do Festival de Gaites de Xixón, celebrado do día 2 a o 6 de agosto de 2023.

Máis de 200 participantes con grupos internacionais como a Bagad MenGlaz (Bretaña), nacionais Lume de Biqueira (Madrid), B G Rosalía de Castro de Cornellá (Cataluña), Banda Gaites Villaviciosa–El Gaitero, Lume Celtic Band, Burbús, etc.

A actuación da nosa Banda tivo unha moi boa acollida por parte do numeroso público asistiu, como en xeral a de todos os grupos que participaron no evento, que cada ano converte a Xixón nun inmenso centro de promoción de música tradicional e popular, segundo a organización.





LETRAS  
GALEGAS  
2023

DEDICADAS  
AO ESCRITOR

# FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO



HOMENAJEADO POLAS LETRAS GALEGAS 2023

FCO FDEZ del RIEGO

**Francisco Fernández del Riego**, nado no lugar de Vilanova de Lourenzá (Lugo) o 7 de xaneiro de 1913, foi un intelectual e activista político galego. Escribiu cos pseudónimos de Adrián Solovio, Adrián Soutelo, Salvador Lorenzana, S. L., Cosme Barreiros, Ronsel e Alevín.

O 20 de marzo 1963, Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo propuxeron a celebración do Día das Letras Galegas coincidindo co centenario da publicación de Cantares gallegos, de Rosalía de Castro. O 28 de abril do mesmo ano, en xunta ordinaria, a Academia resolveu, por unanimidade, aprobar esta proposta e declarar Día das Letras Galegas o 17 de maio de cada ano. Polo que se considera o principal impulsor do Día das Letras Galegas.


Dende os anos 30 fixo un traballo constante e recoñecido a prol da cultura galega que continuou até os seus últimos meses, e que fixo del unha das personalidades máis destacadas de Galicia. Foi un dos principais artífices da editorial Galaxia e director xunto a Ramón Piñeiro da revista Grial nos seus primeiros cen números. Ensaísta e narrador, é autor dunha extensa obra centrada sobre todo na cultura e na literatura galega. Fernández del Riego pertence á xeración de intelectuais xurdidos arredor do Grupo Nós.

Iniciou a súa actividade literaria con colaboracións na revista Vallibria e xa en Compostela publicou artigos en El Pueblo Gallego, A Nosa Terra e Heraldo de Galicia. A súa participación política iniciouse en 1931 coa publicación dun manifesto galeguista en Vilanova de Lourenzá que asinaba xunto co estudante de medicina Carlos Rodríguez Alonso. En Compostela entrou no Seminario de Estudos Galegos, e incorporouse ao Partido Galeguista logo da súa fundación. En 1932 foi elixido secretario xeral da agrupación Ultreya. Cando se constituíu a Federación de Mocidades Galeguistas foi o seu primeiro secretario xeral, e formou parte do Consello galego de Galeusca (1934).



*Cunqueiro, Fernández del Riego e Carballo Calero en Compostela, nos anos trinta.*





Coa guerra civil, chegou a súa inhabilitación na docencia perdendo o seu posto como profesor de Dereito na USC e unha sanción por parte do Tribunal de Orde Pública polo que tivo que estar agochado un tempo e, finalmente, incorporarse ao exército cando foi chamado, para salvar a súa vida.

Ao rematar a guerra trasladouse a Vigo desde onde traballou sempre polo galeguismo e a cultura galega en múltiples iniciativas. En 1940 casou con Evelina Hervella Nieto.

En 1947 foi detido, encarcerado e xulgado en consello de guerra, sendo finalmente exculpado.

Foi xunto con Ramón Piñeiro e Xaime Isla Couto un dos principais impulsores da Editorial Galaxia (1950), empresa que liderou o proceso de restauración cultural na posguerra. En 1963, xurdiu desta editorial a revista Grial, que Del Riego codirixiu e para a que escribiu de forma asidua recesións literarias e artigos.

A proposta de Manuel Gómez Román, Ramón Otero Pedrayo, Manuel Casás Fernández e Sebastián Martínez-Risco, ingresou en 1960 na Real Academia Galega, lendo o 26 de novembro o discurso titulado Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores, respondido por Ri-

cardo Carballo Calero. Nestes anos integrouse no Partido Socialista Galego (PSG), do que chegou a ser Secretario Xeral, con Manuel Beiras como dirixente, e ao que pertenceu ata 1978. En 1997 sucedeu a Domingo García-Sabell como presidente da RAG, sendo substituído en 2001 por Xosé Ramón Barreiro.

O seu traballo no ámbito cultural e a súa extensa obra convérteno nun dos principais intelectuais galeguistas do século XX e comezos do XXI. Entre os seus libros destacan ensaios sobre a cultura e a literatura galegas como Historia de la literatura gallega (1951), Galicia no espello (1954), Diccionario de escritores en lingua galega (1990), A xeración Galaxia (1996)

Cultivou tamén a narrativa (O cego de Pumardeón, 1992) e a literatura de viaxes (As peregrinacións xacobeas, 1984). Editou antoloxías poéticas e libros de vocabulario, escribiu gran número de artigos poéticos e biografías. Tamén é autor dun libro de memorias, O río do tempo (1991). No 2003 recompilou a súa correspondencia con Álvaro Cunqueiro e a editou en Galaxia co título Cartas ao meu amigo. Epistolario Mindoniense, e publicou tamén en Galaxia as súas memorias baixo o título de Camiño andado.



*No seu despacho de vigo en febreiro de 2009, cos amigos, Xulio Couxil, Manoel Carrete, Antonio Díaz e Henrique Fernández-Mon Sánchez, unha das últimas imaxes súas.*


Foi membro do Seminario de Estudos Galegos, do Consello da Cultura Galega, do Consello de Bibliotecas da Xunta de Galicia, da Asociación Internacional de Críticos Literarios, da Fundación Laxeiro, dos Padroados Carlos Maside, Rosalía de Castro, da Fundación Luís Seoane, do Museo do Pobo Galego, do Auditorio de Galicia e do Padroado da Fundación Penzol, tamén director da Biblioteca. Ademais, presidente e socio de ANA-BAD-Galicia, presidente do Instituto Galego de Información e da Fundación Otero Pedrayo, pre-

sidente honorífico da Agrupación Cultural Galicia Rutas Mágicas, da Fundación Lois Peña Novo e do Padroado Vicente Risco, e Socio de Honra da Fundación Álvaro Cunqueiro.

Autor de numerosos limiares, colaborou en publicacións e xornais como Universitarios, Alento, Ser e A Nosa Terra, das cales chegou a ser director; La Noche, Galicia, Galicia Emigrante, Vieiros, Vida Gallega, Heraldo de Galicia, Nós, Grial, El Pueblo Gallego, La Voz de Galicia, Faro de Vigo, Vallibria e Industrias Pesqueras. No Faro de Vigo dirixiu o “Suplemento de Cultura”.

En 1995 doou á cidade de Vigo a súa colección de libros, que constitúe a Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego da Casa Galega da Cultura. Foi director da Biblioteca da Fundación Penzol, no mesmo edificio.

Tralo seu pasamento, acaecido en Vigo o 26 de novembro de 2010, foi incinerado e as súas cinzas depositadas no cemiterio de San Pedro da Rramallosa, Nigrán. Fontes de consulta:



**REAL ACADEMIA GALEGA**

**Antonio do Neto**

# A ILLA DE CORTEGADA

ENTRE A LENDA DE OLAF E O ARRECENDO DOS LOUREIROS



*Proxecto do Pazo Real*

Nunha mañá de finais de agosto tiven a ocasión de participar nunha visita á vella Corticata. No termo de Santiago de Carril (Vilagarcía de Arousa), coñecido polas súas excelsas ameixas, emerxe na desembocadura do río Ulla a Illa de Cortegada, cunha cota máis alta de 19 metros e unha extensión aproximada de 54 hectáreas, acadando o arquipélago un total de 191 (43,8 terrestres e 147,2 marítimas) do que tamén forman parte as illas Malveiras (Grande e Chica), Briñas e o illote de O Con, lugar onde recollen a cría da ameixa. Estas outras illas non poden ser transitadas por motivos de preservar o bosque de cerquiños, as crías dos corvos mariños e a poboación de gaivotas patiamarelas que aniñan na Malveira Grande. Preto de 200 metros separan a Cortegada da liña de terra, á que en tempos a veciñanza se achegaba transitando o que coñecían como o Camiño do Carro, aproveitando as baixadas da marea para poder discorrer por el. Forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas creado o 1 de xullo de 2002 xunto a Cíes, Sálvora e Ons. Piñeiros, carballos, eucaliptos, castiñeiros, salgueiros e o maior bosque de loureiros da Europa occidental, fan que sexa coñecida como O bosque flotante, no que cabe reseñar a presenza da que coñecen como

a árbore comepedras, por medrar no medio dun muro ata ilo agochando no seu interior. Esta vexetación é complementada por moitas variedades de cogomelos que están presentes durante todo o ano. Corvo mariño moñado, pardela cincenta, paño europeo, cobra lisa meridional, lagarto arnal, píllaras, mazarico real, espátula común, martiño pescador, miñato, curuxa, paxaro carpinteiro, papuxas, lavandeiras, ferreiriños, merlos, nutrias por ser zona de río, vacalouras, arroaces, xabaríns, raposos, ourizos, xoaniñas e ata unha corza, conforman a fauna do lugar, moita dela chegada cando a marisma queda en seco coa baixada da marea. Curiosamente aos xabaríns lles gustan moito as ameixas e son varias as ocasións nas que con pouco nivel de auga se lles ve polos viveiros.

Foi citada por Plinio El Viejo no S. I d.C. co nome de Corticata, quedando restos arqueolóxicos que lembran o paso dos romanos como as ánforas atopadas en Punta Fradiño, que se poden ver no museo de Pontevedra e un pecio afundido na mesma zona, do que algúns din que realmente é unha estrutura na que gardaban sal. Tamén dos normandos, que chegaban na busca de tesouros (ouro) neste territorio que eles denominaban Jacobsland, sendo a illa o lugar no que descansaban an-



*Capela da Virxe dos Miragres*

tes de deixar as súas embarcacións en Cesures para posteriormente ir cara Santiago de Compostela a pé para saquear todo o que atoparan polo camiño. Naqueles tempos houbo en Cortegada unha torre de defensa similar ás que quedan hoxe na parroquia de Oeste do concello de Catoira. Dela non quedan restos xa que as pedras foron reutilizadas para levantar as casas da aldea. No ano 1014 chegou Olaf á illa, coñecido como o Terrible e tamén como o Galego, xa que pasou moito tempo na nosa comunidade. Voltou a Noruega para ser nomeado rei e din que arrepentido por todo o mal que fixera converterse ao cristianismo, sendo ás veces comparado co Apóstolo Santiago pola súa vida como loitador e miragreiro, xa que unha lenda escandinava conta que cando estaba morto despois de ser asasinado, un cego tocou o seu sangue e o pasou polos ollos, intre no que recuperou a vista.

Foron os gregos os que como testemuña do seu paso lle deron á illa o citado nome de Corticata que significa mezcla de auga doce con auga salgada, e tamén á Ría de Arousa, que significa curso de río entre montañas, xa que eles inda non tiñan o concepto de ría e quedaron abraiados polo curso do mar entre os montes. Contan que os romanos chegaban aquí a comerciar, trocando o viño que de camiño mercaban en Andalucía por ostras que

levaban nas mesmas ánforas nas que traían o citado viño, metidas nunha especie de escabeche que permitía a súa conservación. Outra das súas prioridades era levar sal, apreciado por ser un bo conservante e por ser tamén unha forma de pago dos xornais, precisamente de aí deriva o termo salario.

Habitada dende a Idade Media e baixo o dominio do Mosteiro de San Martiño Pinario, foi doada en 1910 ao rei Alfonso XIII para que establecera nela unha residencia de verán, proxecto que finalmente non chegou a realizarse. Durante a II República o estado fíxose coa illa, sendo recuperada polo rei en 1958 cando pasou a formar parte do patrimonio de Juan de Borbón, quen a vendeu en 1978 á sociedade Galicia Cortegada S.A., que tiña a intención de urbanizala para mercado de luxo, algo similar á actual Illa de A Toxa en O Grove. Tempo despois foi creada entre a sociedade arousana a comisión Cortegada para o pobo, logrando paralizar o proxecto e que fose declarada parque natural e que quedara para o disfrute da poboación.

Na illa queda en pé a Capela da Virxe dos Miragres de Cortegada, datada do ano 1334 e reconstruída en 1652 sendo levada ata a ubicación que hoxe ocupa a carón do punto de embarque da illa, xa



que nun inicio estaba situada na aldea que hai uns cantos metros cara o norte. Esta virxe tiña moita tradición milagreira, non en van os pescadores antes de saír a faenar pasaban por diante dela para recibir a súa bendición e deixar os seus exvotos mariñeiros, e tamén moitos dos peregrinos que ían cara Compostela seguido a ruta marítimo fluvial paraban na illa para renderlle culto, sendo este o motivo do seu traslado, xa que nunhas épocas onde as enfermidades como a peste eran moi comúns, fixo que para preservar a saúde da xente que vivía na aldea fose trocada de lugar. Ao seu lado levantaron en 1652 un lazareto para dar acubillo aos que chegaban enfermos, que funcionou como tal ata o S. XVIII. Esta ermita, brasonada na fachada principal, foi posteriormente convertida en igrexa polo arzobispo Fernando de Andrade, relixioso vilagarciano. Na zona que se abre ante a porta levántase un cruceiro que como todos os que había na zona contan que foi construído para conmemorar o paso dos restos do Apóstolo Santiago cara a Compostela. Arredor del celebráronse ata 1935 concorridas romarías cada 25 de marzo e 15 de setembro. A principios do século 20 os colonos da illa habitaban a aldea que está situada ao noroeste ao abrigo dos ventos do norte, e da que quedan restos como



*Hórreo Comunitario de 6 pés*

os hórreos e forno comunitarios, lagares, minas de auga, cortellos e varias casas, os cales subsistían maiormente traballando as terras e os viñedos cun sistema de autoabastecemento, destacando como en outros lugares galegos os fortes lazos comunitarios que permitían en moitos dos casos poder saír adiante. Adoitaban cultivar preferentemente millo, patacas e chícharos. Na parte occidental quedan as ruínas dunha casa señorial construída a finais do S. XIX, que poido ser dos donos da illa que antes de ser cedida ao rei era do Pazo da Golpilleira (Vilagarcía de Arousa), entidade que cobraba as rendas que debían pagar os habitantes e que foi propiedade entre outros de Luis López Ballesteros, organizador en 1808 do primeiro levantamento do pobo galego contra a invasión francesa e ministro de Facenda entre os anos 1823 e 1832, creando a Bolsa de Madrid, o Código de Comercio, a Inspección Fiscal de Aduanas e o Banco Español de San Fernando, feitos todos eles que o levaron a estar considerado como o fundador da moderna facenda española. A aldea tiña arredor de 22 casas, quedando na memoria a denominada casa das viúvas, que era á que ían a vivir as mulleres cando finaban os seus maridos. Todas tiñan semellante distribución, animais na planta baixa que axudaban a manter unha boa temperatura, vivienda na planta superior e nos tellados unhas estruturas nas que acumulaban a auga da chuvia que utilizaban para o rego e darlle de beber á gandeiría.

Antes de ser anexionado a Vilagarcía de Arousa, Santiago de Carril foi concello propio, estando considerado o seu porto como un dos máis importantes por ser a saída natural ao mar de Santiago de Compostela. Era o de Carril un porto de aduanas de segunda clase con autorización para



*A aldea*



### *Praia na Punta Fradiño*

comerciar con Europa e América, o que facía que os comerciantes composteláns se asociaran para baixar polo río as mercadorías para a súa posterior exportación, o que unido á industria local que abranguía sectores como salazón, mosaicos, madeira, fundición, curtidos e conservas, facía do lugar unha zona de moito movemento. A chegada a revolución industrial trouxo o barco a vapor, que por necesitar moito máis calado que os botes de vela latina ata entón utilizados, acabou paseniñamente coa actividade deste porto debido á escasa profundidade das augas da zona. Isto levou a unha crise económica que rematou na idea de que como forma de promocionar o lugar, propoñer á casa real de Alfonso XIII que construíra un pazo de verán na illa, asinando a escritura de cesión o 16 de xullo de 1910. O rei chegou a visitala pero non lle convenceu o clima, decantándose finalmente polo que pouco despois sería o Pazo da Magdalena en Santander.

Camiñando pola illa chegamos a Punta Fradiño e Punta Corveiro, lugares no que se asenta a zona de avistamento de estrelas afastada da contaminación lumínica. Dende elas pode adivinarse a presenza

dunha batea de control, na que a xente do mar pesa o que vai mariscando para non excederse nos cupos. Dicur que en xaneiro de 2016 a illa foi acreditada pola Unesco como Destino Turístico Starlight e forma tamén parte do Convenio Ramsar de humidaís de importancia internacional. A partir de aí e camiñando polos sendeiros que se abren paso entre a mesta vexetación, voltamos ao punto de partida no que actualmente está situado un pequeno centro de interpretación a escasos metros da praia do pantalán, lugar dende onde despedimos este fermoso hábitat da nosa Galicia máxica. Atrás quedan as pegadas do apóstolo, os efectos sandadores das vacalouras, o arrecendo dos loureiros, a esforzo dos que habitaron a illa e a sensación de ter camiñado os mesmos carreiros nos que un día Olav Tryggvason de Noruega, durmiu os seus soños de grandeza.


— **Carlos Xabier Ares Pérez**  
*Etnografía e Investigación Social*  
(Viana do Bolo)



# ACTIVIDADES DA ENTIDADE

Por: Antonio Díaz Fernández

## Festa do Entroido



Unha das festas máis típicas e populares de Galicia é o Entroido. Aínda de que alguén poida confundilo co Carnaval tradicional que se celebra noutras rexións, o certo é que en Galicia temos una maneira moi particular, e nosa, de celebralo, e xa son de sonda universal, festas de Entroido como as que se celebran, na vila de Viana do Bolo, Verín ou Laza por nomear algunha de tantas que se celebran en tódolos pobos, vilas e cidades galegas.

En Rosalía de Castro e dentro do programa de mante-las nosas tradicións, tamén se celebra, entre outras, esta festa na que rendemos homenaxe ós produtos gastronómicos propios destas datas. A conmemoración deste ano fíxose o 19 febreiro cun “Xantar do Entroido”, celebrado no Restaurante da Entidade ao que asistiron numerosos socios, así como amigos da entidade, que gozaron dun xantar cos produtos típicos deste evento, tal como ven sendo habitual cada ano desde a súa fundación hai xa 43 anos, e tamén o noso grupo de danza e gaitas participa en distintos actos organizados polo Concello de Cornella, como por exemplo as carrozas que percorren as principais rúas da Cidade. Vexamos algunhas fotos históricas deste evento.



## Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas en Xinzo de Limia

XIV Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas, celebrouse os días 25 e 26 de marzo de 2023 na Praza Carlos Casares de Xinzo de Limia, no que participaron un total de 750 músicos, formando parte de 26 bandas, ás que se sumaron grupos de cantareiras, cuartetos e participantes individuais.

Certame no que a nosa Banda de Gaitas Rosalía de Castro de Cornella, participou nas súas diversas modalidades, nas que en todas fixeron unhas excelentes actuacións, ademais de gozar dunha fin de semana nunha preciosa zona de Galicia con todos os seus encantos





## Festa do pulpo

O Sábado 11 de marzo, a Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornella, volveu, un ano máis a organizar a Feira do Polbo, coa colaboración do amigo BERNAT que xunto co restaurante da Asociación, foron os encargados do evento, claro que contaron coa sabedoría dun esperto en cociñalo ao estilo das feiras. Así a praza que se atopa diante da sede da Entidade adornouse con produtos típicos de Galicia, onde o Polbo foi o protagonista. Ademais os participantes da festa puideron gozar coas actuacións en directo do grupo de Gaitas de Rosalía de Castro, coas súas distintas modalidades.

O evento contou con numerosos soci@s e amigos da Entidade, así como veciños de Cornella que acudiron para degustar un dos produtos estrela do Mar Galego, como é o “PULPO”.



## Día da muller traballadora



O Sábado día 18 de marzo pola tarde, celebramos a conmemoración do día da Muller traballadora, despois de dous anos de non poder facelo como se merece e tendo o costume de celebralo na nosa Entidade, un acto moi familiar e de participación das mulleres de

tódalas idades da Asociación, e na que contamos cada ano coa participación do “*Consell Municipal de la Dona*”.

O acto consistiu nunha sesión poética musical co título “**Todas as mulleres que son cartografía poética**” a cargo da escritora, poetisa e profesora da Universidade de Santiago de Compostela, **Andrea Nunes Brións**. Na cartografía poética, que desenvolveu, fixo un repaso pola poesía feminista de diversas autoras galegas que van desde Rosalía de Castro ata a actualidade, coa poesía dela mesma. O acto estivo ateigado de xente, especialmente mulleres socias e amigas da A.C. G. Rosalía de Castro. Lembramos que esta autora, **Andrea Nunes Brións** de Marín (Pontevedra), foi premiada no XXXVI certame de Poesía Rosalía de Castro, polo seu poema “*Increíbel pero certa*”. Segundo o xurado do devandito Certame, “*este poema aporta unha reescrita moi coidada, dende o feminismo. Cultura popular. Amor non tóxico con tintes de bixesualidade. Representa un amor plural. Escrita transgresora*”.

*pero non ofensiva, que vai do universal ao particular. Moderna, diferente”.*

E para rematar o acto as mulleres da Asociación convidaron aos asistentes a unha degustación de produtos típicos da cociña e repostería galegas elaboradas por elas mesmas, unha tradición que veñen facendo desde os primeiros anos de andadura de entidade, neste día tan especial, aínda que a participación das mulleres nas actividades da entidade é transversal xa que participan activamente en cada un dos actos que durante o ano se levan a termo.



## Aventures a Galicia

“*Aventures a Galicia*” é un libro presentado na Entidade o Sábado 22 de Abril, para conmemorar a festividade de “Sant Jordi”. O autor é o escritor catalán, **Tomàs María Porta i Calsina**, no que narra as crónicas de varios das súas viaxes a Galicia, nas que, visita os lugares máis turístico, e tamén a Galicia máis profunda, segundo o autor isto lle serviron para namorarse de Galicia. Contén 49 apartados nos que vai percorrendo as vilas e cidades que describe neste libro moi recomendado.



## Finde de lecer

Pola festividade do primeiro de maio, pasando uns días de festa e descanso xunto cun grupo de familias amigas, soci@s desoutra gran familia como é a A. C. G. Rosalía de Castro de Cornellà. No lugar de La Pineda, localidade turística da Costa Dorada. Gracias a Félix e compañía pola organización de esta estadia da que gozamos tod@s un montón.





## Festa Galega de Cornellà 2023

Un ano máis a popular Festa Galega que organiza a Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro, polo Corpus, “Festa Major” de Cornellà, volveu a recoller éxitos espectaculares. Tanto no tócate á participación cidadá que lle deu vida, coa súa masiva presenza, no mítico Parque de Can Mercader, como no apoio institucional por parte do Concello de Cornellà, co seu alcalde, Antonio Balmón, así como toda a Corporación Municipal, e tamén doutras autoridades, entre elas o expresidente da Generalitat, Molt Honorable José Montilla e demais institucións de Catalunya. O Parque de Can Mercader volveu a lucir o seu esplendor e cumpriu coa expectativa prevista pola Entidade organizadora, así durante os días 9, 10 e 11 de xuño, milleiros de galegos e non galegos asistiron aos diferentes actos, facendo que esta Festa Galega siga sendo unha cita destacada dentro dos actos programados en Cornellà, co gallo da súa **Festa Maior** e tamén como acto conmemorativo dos 43 anos de andadura de entidade galega de Cornellà.

### *Noite Celta*

Os actos comezaron o venres pola noite, coa celebración dunha cea de confraternidade na que homenaxeou aos soci@s que este ano cumpriron 25 anos como soci@s da Entidade, que deu paso á Noite Celta, un concerto musical coas actuacións de, as **Rosaleiras**, un grupo Pandereteiras e Catarreiras, mozas da Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro que levan desde cativas no seu grupo de Danza e Música e que desde hai uns anos están

a traballar na recolleita e interpretación de pezas tradicionais da música celta e o folclore galego, un brillante e talentoso traballo que amosaron na súa actuación coa que se inaugurou unha das festas galegas máis espectacular celebradas fóra de Galicia e coas que deron paso no escenario ao concerto do Grupo **Aíla**, un concerto baseado na recolleita de historia do canto e transmisión oral de Galicia. Música Galega para bailar en desfrutar dela dende unha visión moderna e contemporánea.

Unha **Noite Celta** de concertos en Cornellà, celebrado nun escenario espectacular como é o Parque de Can Mercader, e coa multitude que a arroupou coa súa presenza e o goce da súas actuacións, que coido lle deixaron un bo recordo a tódol@s asistentes. A.C.G. Rosalía de Castro, Xunta Directiva e socios si que consideramos que o grande esforzo que fixemos para poder traer o elenco de artistas, pagou a pena facelo, xa que lle deu e esta Gran Festa Galega, unha vez máis, unha categoría que en Cornellà este ano foi do mellor para tódolos Cornellànenses dentro dos actos da Festa Maior da Cidade.





das nosas letras, ó son dos himnos catalán e galego, interpretados pola Banda de gaitas Rosalía de Castro, xunto cos grupos, Casa Galega de Hospitalet, Els Castellars de Cornellà, Escola de Gaitas de Ortigueira A Coruña e Atabalats de Esplugues de Llobregat. Temos que significar, este ano, a participación na Festa da **Banda de gaitas de Ortigueira**, que se desprazou a Cornellà froito dos intercambios culturais e musicais que A.C.G. Rosalía de Castro fai ao longo de cada ano a diversos localidades de Galicia e outras Comunidades do Estado

Xa pola tarde, despois do tradicional xantar campestre ao que asistiron unhas duascenas persoas, socios e amigos da entidade, representantes municipais e da vida asociativa de Cornellà, e o presidente de honra da entidade organizadora, o Molt Honorable José Montilla i Aguilera, Expresidente da Generalitat, así como representantes da práctica totalidade de entidades galegas en Catalunya, o recinto da festa adornouse coas actuacións dos seguintes grupos: Cornellà per les Dones, Escola de gaitas de Ortigueira, A Coruña, Ariños da nosa Galicia de Santa Coloma de Gramanet, Grupo de danza e banda da A.C.G. Rosalía de Castro de

### *Ofrenda floral a Rosalía de Castro*

O sábado pola mañá despois da resaca do venres, numerosas persoas asistiron á “Ofrenda Floral” á nosa musa **Rosalía de Castro** un acontecemento que anualmente realiza a Entidade, nun emotivo acto no que o alcalde de Cornellà, Antonio Balmón Arevalo, xunto co presidente da Asociación, Oliver Fernández Expósito presidiron, depositando o tapiz de flores, representando a Galicia e Catalunya, diante da escultura de Rosalía de Castro, que preside un espazo destacado no Parque Can Mercader. Acto ao que asistiron outras autoridades como os portavoces do grupos municipais de Cornella ademais da Corporación Municipal, un representante do Goberno da Generalitat de Catalunya e diversas entidades socioculturais de Cornella, e do resto de entidades galegas en Catalunya, os partidos políticos con presenza na cidade, depositando cada un deles o seu correspondente ramallo de flores no monolito de Rosalía de Castro, que convive cos visitantes e moradores deste fermoso Parque desde o ano 1990.

Asemade, socios e amigos, entidades e institucións públicas renderon unha sentida homenaxe á musa



Cornellà de Llobregat. Ás 21h. comezou a actuación da Orquestra Costa Dorada, de Lugo, 23:30 h. Folión de Fogos Artificiais, 24h. Grupo **Gin Toni's** de o Saviñao, Lugo. Gin Toni's unha banda divertida, apaixonada e elegante, coas súas versións galegas dos clásicos da musica española, e tamén da galega, unha noite de concerto, conseguindo unha increíble conexión co numeroso público que asistiu.

O Domingo pola mañá atopámonos cunha mala nova, como foi o asasinato machista dunha muller en Cornella, polo que o Concello de Cornellà suspendeu tódolos actos da Festa Maior e convocou 3 días de loito. Así que A. C. G. Rosalía de Castro sumouse ao reproche de tal feito e anulou tódolos actos pendentos da Festa, para sumarse á concentración de repulsa contra a violencia de xénero celebrada ás sete da tarde na Praza Cataluña, convocada polo Concello.

A destacar a posibilidade de que os asistentes tamén puideron ollar exposicións de libros, pinturas, música, etcétera, así como informacións diversas sobre turismo de Galicia, o Camiño de Santiago, e todo tipo de produtos da gastronomía galega.



## Verbena de San Xoán

**O día 23 de xuño, pola noite, celebramos como cada ano, diante da entidade a tradicional Verbena do San Xoán á que acudiu numeroso público, socios, amigos da nosa Asociación e tamén veciños de Cornellà, especialmente do Barrio da Gabarra que é onde se atopa a nosa entidade. Despois dunha multitudinaria Cea celebrada na rúa fronte á entidade, comezou a verbena que durou ata altas hora da noite, amenizada por unha orquestra.**

### *Unha festa tradicional*

En Cataluña a noite de San Xoán é unha das noites máis máxicas. É a máis curta do ano, xa que se celebra o solsticio de verán e a noite do 23 de xuño marca o inicio de todas as festas estivais, é noite de verbenas, de fogueiras, cocas e bruxas.

Existe unha gran tradición en tódolos pobos de Cataluña onde se mesturan costumes pirenaicos e mediterráneos, célticos e romanos, pagáns, relixiosos e laicos, rurais, urbanos e moi ancestrais.

Nos anos 70 San Xoán proclamouse como diada nacional dos Países Cataláns, pola común tradición de realizar fogueiras: cada ano, grupos de xente levan -como a chama olímpica- o lume dunha fogueira para o monte do Canigó de aldea en aldea, para acender as fogueiras de vilas e cidades.



É costume facer fogueiras individuais, familiares e colectivas, normalmente diante de casa, con madeira ou obxectos vellos recollidos polos máis pequenos que este día pásano moi ben. As fogueiras e o lume están relacionados coas bruxas e, polo tanto, esta é unha noite de encantamentos. As bruxas celebran rituais no alto das montañas con herbas milagrosas para atraer a fortuna ou conseguir amor.

A cidade vístese de festa coas verbenas. Esta palabra provén de cando os romanos saían ao campo para recoller o froito “negro”, é dicir, a verbena, este costume estendeuse ata os nosos días para determinar a verbena de San Xoán, que recibe o nome de “revetlla” en catalán.

As rúas están cheas de festas para ir bailar ata que saia o sol, é tradición comer coca de San Xoán. Antigamente, as cocas eran obrigadamente circulares e levaban un furado no medio evocando algún ritual solar. Posteriormente, cando apareceron



as pastelerías, as cocas melloraron a súa calidade e engadíuselles froita confeitada.

### *A noite de San Xoán en Galicia*

O San Xoán, é unha das festas máis ricas en lendas, supersticións e costumes que acocha o noso folclore, a nosa cultura. Antes de ser cristianizada, era unha relixión popular na que os espíritos do mal actuaban na escuridade con obxectivos malévolos na procura dalgunha vítima.

Pretender saber a orixe desta liturxia sería perderse nos estadios máis ancestrais da vida mesma. Quizais poderíase remontar ás civilizacións prehistóricas e sobre todo dende que o home se decata do movemento de translación ao redor do sol que anualmente percorre o noso planeta. Dita observación puido ser consolidada cando a humanidade logrou “domesticar” o lume.

O día no que o sol atinxe o maior tempo de esplendor dáse o 21 de xuño, fenómeno natural coñecido como “solsticio vernal ou de verán”. A partir de entón, o tempo da claridade solar vai diminuindo paseniñamente ate o solsticio “hienal ou invernal” no día de San Silvestre. De seguido, a luz diúrna vai “in crescendo” ata repetir o ciclo.



Segundo a definía don Eladio Rodríguez González no seu Breviario enciclopédico: “Na noite de San Xoán parecen realizarse tódalas marabillas. Acéndense nas cidades, vilas e aldeas as tradicionais lumeiradas, arredor das cales canta a mocidade, baila e brinca por riba das chamas; pasan logo os gandos para que reciban o orballo de San Xoán, cando xa as fogueiras esmoreceron, facendo que as redes reciban o remol aínda fumegante; pónense ao relento herbas e plantas recedentes, mergulladas en auga, e nesta auga sandadora lávase á mañá seguinte toda a familia, na crenza de ver curadas as erupcións do cute que padecen; tómanse ás doce da noite as nove ondas do mar polos que viven preto; non poucas persoas acoden á praia máis próxima, malia teren que percorrer unha distancia de dúas a tres légoas para recibir as salutíferas ondas; chimpándose nove veces ao río os ribeiráns do Miño ó dar as doce da noite, cren que esas ablucións lles serán beneficiosas.

As mozas solteiras botan a clara e a xema dun ovo nun vaso con auga, que poñen ao relento para observar ao saír o sol as formas caprichosas que adoptou o contido e deducir diso a profesión ou oficio que terá o desexado noivo ou o futuro esposo; hai quen cre que as meigas aproveitan a noite de San Xoán para dirixirse polos aires aos seus conciliábulos de Sevilla ou do noso areal de Coiro; e tales virtudes salutíferas e purificadoras teñen as augas nesta noite única, que tamén posúen facultades prolíficas para a moza que acade coller a chamada Flor da auga fría. En non poucas aldeas galegas moitas persoas adoitaban madrugugar para ver por un cristal afumado como o sol nace bailando na madrugada dese día vizoso en proxios. A mocidade das aldeas, aproveitando as sombras, dedícase a cambiar de sitio e sacar as cancelas dos seus gonzos, os carros, os apeiros de labranza e todos os trebellos que poden levar duns sitios a outros máis ou menos afastados; deste xeito aparecen pola mañá na eira dun veciño o que estaba recollido no alpendre doutro; e así trasladaban á Veiga vella os efectos dun veciño da Veiga nova; e aínda atrancan as portas de moitas casas para que os moradores non poidan saír doadamente delas. Nas poesías dos trobadores medievais fanse referencias adoito a estes costumes que xa entón eran propios de noite e de día tan sinalados”.

## Festa de La Gavarra

Do día 15 ao 17 de setembro celebrouse a “Festa Major del Barri de La Gavarra” organizada pola Coordinadora de Entidades Culturais do barrio, da que forma parte Rosalía de Castro. As entidades que forman a coordinadora este ano presentaron un ambicioso programa de actividades que se desenvolveron durante a fin de semana, en cada unha delas así como os actos centrais no recinto da festa que cada ano se celebran na Praza de Europa, e nos que houbo numerosas actuacións musicais e folclóricas dirixidas a todos os sectores da poboación, ás que acudiu numeroso público. A nosa Entidade ademais de ser parte organizadora, participou no evento coa actuación do noso grupo de música e danza, así como a organización dunha multitudinaria Queimada Galega para todo o público, coa que se pecharon os actos festivos.



## Festa da Rosa

O día 24 de setembro fomos á Pineda de Gava para participar na Festa da Rosa que cada ano organiza o PSC de Barcelona, onde se deron cita arredor de 25.000 persoas que pasan o día nun ambiente festivo, con actuacións musicais e o acto político.

Ademais a nosa entidade participou activamente coa actuación do Grupo de Danza e Gaitas, así como na organización dun Xantar no que numerosos socios que tiveron a oportunidade de compartir a visita que nos fixeron as diferentes autoridades destacando a do Molt Honorable President, José Montilla é o Presidente en funcións do Goberno do Estado Pedro Sánchez.





## Paella solidaria

O Sábado 21 de outubro, soci@s e amigos da nosa Asociación tiveron a ocasión de degustar unha Paella popular celebrada diante da sede da Entidade, a que ademais acudiron numerosos veciños do barrio, ofrecida pola A.C.G. Rosalía de Castro. Acto que serviu para recoller fondos para a tenda de alimentos solidaria de Cornella.



## Festa do Magosto

O 4 de novembro celebramos, como cada ano, a tradicional festa do Magosto.

Máis de dúas centas persoas, soci@ da Entidade encheron as dependencias do local social, así como a praza que aí diante dela, para degustar as tradicionais castañas, regadas con viño, artigos todos traídos de Galicia para esta ocasión. A troulada do Magosto en Rosalía de Castro de Cornella, rematou co tradicional baile con musica en directo.



## Parabens

A Sra. **María Fernández** cumpriu o pasado mes de outubro **cen anos**, polo que é a socia máis lonxeva da nosa Entidade. Celebramos o seu **centenario** e desexamos que o sigamos celebrando durante moitos anos máis.





# Certame de Poesía en Lingua Galega Rosalía De Castro 2023

37 EDICIÓN



Este sábado 2 de decembro, celebrouse o acto de concesión dos premios da 37 edición do Certame de Poesía en Lingua Galega “ROSALÍA DE CASTRO” organizado pola Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellà (Barcelona) e no que se lle concedeu o primeiro premio a, **Clara Vidal López** pola súa obra **A luz ignota**.

Pola tarde, o acto de concesión dos premios, foi precedido da presentación de dous libros a cargo da Presidenta do Xurado **Charo Golmar**: “*No bico do vento*” e “*Alma de Nadal*”. Despois da declamación dalgúns poemas a cargo de Charo tivemos a estimada participación de **Su Garrido Pombo**, cantautora e compositora galega que encandilou aos asistentes Charo. A recepción dos asistentes á Cea de convivencia estivo amenizada pola **Banda de Rosalía de Castro**.

Ao evento asistiron numerosos soci@s da entidade, ademais dos compoñentes do xurado do Certame, participaron o Secretario Xeral de Política Lingüística **Valentín García**, o Alcalde de Cornellà Don **Antonio Balmon**, **Mario García Gómez**, Deputat del PSC de Catalunya, así como numerosos soc@s e amig@s da Entidade organizadora do evento.





Pola noite e no transcurso dunha cea celebrada no restaurante da Asociación, e presidida polo seu presidente, **Oliver Fernández**, e **Valentín García** Secretario Xeral de política Lingüística da **Xunta de Galicia** xunto con **Lidia Gómez Pla** Rexidora do barrio da Gavarra no que ten a sede social a A.C.G. Rosalía de Castro, e á que asistiron numerosos socios e amigos, así como diversas autoridades do mundo da cultura e a sociedade de Cataluña e Galicia, ademais de representantes da Corporación Municipal de Cornellà, delegacións doutras entidades galegas de Cataluña e do Xurado do Certame.



## Xurado

### XXXVII Certame de Poesía Rosalía de Castro

**Armando Requeixo** (Mondoñedo, Lugo). Crítico literario e investigador. Profesor da Universidade de Santiago de Compostela, secretario científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e Catedrático de Lingua e Literatura Galegas no ensino secundario, é tamén coordinador de actividades e publicacións da Casa-Museo Álvaro Cunqueiro. Como ensaísta e estudoso ocupouse da obra de Álvaro Cunqueiro, Luís Seoane, Aníbal Otero, Eduardo Lence-Santar, Xosé Díaz Jácome, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro de las Casas, Arcadio López-Casanova, Victoriano Taibo, Manuel Leiras Pulpeiro, Daniel Piernas Nieto, Ramón Piñeiro, Xosé Neira Vilas ou Fernando Pérez-Barreiro Nolla, entre outros. Ao lucense Ánxel Fole dedicou a tese de Licenciatura en 1996, pola que obtivo o Premio Extraordinario da USC. Pola súa banda, ao guitiricense Xosé María Díaz Castro consagrou a tese de doutoramento no 2014, tamén Premio Extraordinario da USC. Membro da Asociación Galega da Crítica, a Asociación Española de Críticos Literarios e mais da Asociación de Escritor@s en Lingua Galega; recibiu varias distincións polo seu labor, entre elas o Premio Xerais á Cooperación Editorial 2004, o Premio Literario Ánxel Fole 2010 ou o Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela 2017. Como crítico literario exerce como comentarista habitual nos xornais do Grupo Editorial Prensa Ibérica (Faro de Vigo, La Opinión) e do Grupo La Capital (El Ideal Gallego, Diario de Ferrol, Diario

de Arousa, Diario de Bergantiños), ademais de na revista Tempos Novos. Unha parte representativa dese labor como comentarista do libro galego nos medios foi recollida no volume *Crítica* (2011). Co mesmo nome, mantén dende febreiro do 2011 un blog de comentario e análise literarios.

**Ana Vázquez Estévez.** Naceu no Concello do Saviñao, Vilachá, Lugo. Diplomada en Documentación pola Escola Universitaria de Biblioteconomía e Documentación, Jordi Rubió i Balaguer, ano 1968. Licenciada en Hispánicas pola Universidade Central de Barcelona, Facultade de Filoloxía ano 1988. Doutora en Hispánicas pola Universidade Central de Barcelona, Facultade de Filoloxía, ano 1994. Dende o ano 1969 ó 1987, exerceu como Bibliotecaria responsable da sala de consulta e información do Arquivo Municipal de Historia de Barcelona, coñecido tamén como Hemeroteca Municipal e Casa Do Ardiaca. Dende o 1971. Bibliotecaria responsable da Biblioteca de Investigación Teatral (Palau Güell) do Instituto do Teatro de Barcelona. Xefa do Departamento de Documentación (Biblioteca e Arquivo) do Instituto do Teatro de Barcelona. Dende o 2002 deica a xubilación, cap de la Unitat de Recerca Documental de L'Institut del Teatre. Comisaria da exposición: Teatro aúreo: manuscritos e impresos do Século Douro Español da Btca do Instituto do Teatro. Participou en diversos Congresos e Xornadas nacionais e estranxeiras sobre Bibliografía e Documentación coas súas correspondentes Comunicacions e Ponencias. Gañadora do 2º Premio de poesía Rosalía de Castro de Cornellà, ano 2000 co Título: Desacougo. Colaborou e foi xurado dos Certames antes mencionados, en diversos anos.



**Charo Golmar**, nace en Santiso, Concello de Lalín (Pontevedra), mestra vocacional, en activo desde 1983. Estivo destinada nos seus últimos anos de servizo no Centro Educativo “CEIP Xesús Golmar” de Lalín, ate a súa xubilación. Dinamizadora Cultural. Forma parte de Padroado da Fundación Neira Vilas, sendo Vicepresidenta actualmente. É membro do xurado en varios certames literarios: Premio de Poesía Avelina Valladares, Premio Literario Minerva do Colexio Peleteiro, Certame de Relato Curto “Xosé Neira Vilas”, Certame de Relato Curto “Mestre Manuel Gacio”. Participa con Fagama, na Celebración das Letras Galegas na “Casa de Galicia de Madrid”. Pregoeira das Letras Galegas na Estrada. Madriña da Festa das Palabras por Dinamizaestrada. Ten publicados dos poemarios: Nobelo de Lúa e No Bico do Vento. Traballa e colabora en tarefas de investigación no Seminario de Estudos do DEZA, na Fundación Paco Lareo e participa en varias homenaxes en sendas escolas. Algunhas obras colectivas nas que colaborou: Libro dos Reis Magos (Galaxia-Xunta -2012), Pico Sacro ferido polo lóstrego e a lenda (Alvarelos-2012), Cancioneiro do Camiño. Manuele de Felisa (Arteson-2020), Homenaxe a Rosalía de Castro. Vagalumes-2021.

**Francisco Javier Fernández Davila**, nado en Candeán (Oia.Vigo) Enxeñeiro de Minas e Enerxía. Master en Responsabilidade Social Corporativa pola Universidade de Vigo. Escritor e Poeta cunha ampla produción publicada. Ten acadado moitos Premios: Premio de Novela por entregas de La Voz de Galicia, no 2017, pola súa obra: “A senda de sal”. Accésit do IV Premio de relato histórico de Vigo, coa obra “A pel do corazón”. Gañou o XVII Certame Literario de Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos do Concello de Noia coa novela “Alana”. Premio de Poesía Victoriano Taibo do Instituto de Estudos Miñorans e o Concello de Gondomar, co poemario “Mover os marcos”. Terceiro Premio do VII Certame de Poesía Manuel Murguía da Casa de Galicia de Guipúscoa, por “A miña pel en tatuaxes”. Primeiro Premio do XXXIII Certame de Poesía Rosalía de Castro de Cornellà por “Poemas de Aeroporto”.

**Su Garrido Pombo** – Susana Garrido Pombo. Nada en Vigo 1982. Cantante e compositora galega. O seu estilo musical abrangue varios xéneros con matices de bossa, folk, jazz e outros. Traballa en proxectos individuais e colectivos. Ampla formación académica. Conservatorio Mayeysis (Vigo-guitarra); Historia da Arte (Universidade de Santiago de Compostela); Musicoloxía (Universidade de Salamanca); Universidade de Granada (Bolsa Séneca)

Universidade de Florencia (Bolsa Erasmus). Formou parte do Grupo Folk Lembranzas Galegas, do Grupo Sonhos, do Grupo Treme (con Margarida Mariño) e Son Trio coa pianista compositora Katerina Linke e a cellista Susana Blanco. Ten publicados dous Discos: Quedo a vivir aquí e Patios de luz. Ten acadado varios premios en sendos concursos internacionais e música. Gañadora do Premio Martín Codax de música galega no 2019 e 2023.

**Rodrigo Herrera Alfaya**. Nace na Cidade de México. Egresado da Licenciatura en Teatro e Actuación (2017) da Universidade Nacional Autónoma de México e graduada de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios con mención en Filoloxía Galega (2022) pola Universidade de Vigo, máster en Construción e Representación de Identidades Culturais pola Universidade de Barcelona (2023). Membro do consello editorial do Salto Galiza e coordinador da sección de crítica literaria O Prelo (2022), secretario da revista Abriu: estudos de textualidade do Brasil, Galicia e Portugal. Lector de lingua e literatura galega na Universidade Barcelona e profesor de galego no Centro Galego na mesma cidade.

**Luis Losada Rodríguez** (Ourense). Licenciado en química pola Universidade de Santiago de Compostela. Ten traballado de mestre ate a súa xubilación, sendo entre outros responsable do Centro de Recursos de Pontevedra e director de varios centros públicos de ensino. Ten impartido diferentes cursos de formación ao profesorado e participado en programas educativos europeos en varias edicións. Pertenceu á organización do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra durante cinco anos, na actualidade pertence ao seu club de lectura e a algún outro máis. Recibiu cursos de creación literaria con diferentes autoras e autores, neste ano participa na Escola de Letras. Forma parte dos proxectos: [www.xulipedia.com](http://www.xulipedia.com) e <http://espora.eu/>.

**Xulio Couxil Vazquez** (Cortegada de Baños - Ourense). Mestre xubilado. Licenciado en Filoloxía Románica, especialidade en Língua e Literatura Galega e Portuguesa, pola Universidade de Barcelona. Ten impartido clases de galego en diversos Centros Galegos de Cataluña. Colabora e coordina algunhas publicacións e revistas, nas que participa e escribe algún artigo. Dirixe os programas de radio “Galegos no BAIX” os xoves, en Radio Sant Boi e “Sempregalicia” os sábados en Radio Cornellà. Dende a súa fundación ven coordinando o Certame de Poesía “Rosalía de Castro de Cornellà”, patrocinado pola Asociación Cultural Galega “Rosalía de Castro”, da cidade de Cornellà. Houbo un curto espazo de tempo no que estivo ausente.



Déronse a coñecer aos **gañadores** deste ano **2023**

### Primeiro premio

**Clara Vidal López** de A Coruña, polo seu poema titulado **“A LUZ IGNOTA”**. O Xurado sinalou a sensibilidade e valoración da memoria do poema. Lembranzas infantís e vencello entre a historia familiar e persoal. Solidez estrutural e a fusión entre as dúas xeracións.

### Segundo premio

**Carmen Gómez García**, de Rivadavia (Ourense), polo seu traballo **“BEÓN”**. Poesía do próximo, do común, que evoca coa viveza da tradición oral a memoria dun lugar a través do ritmo e a musicalidade.

### Terceiro premio

**Martiño Maseda Lozano**, de Vilalba (Lugo), polo poema **“TEATRO DE MARIONETAS”**. Segundo o xurado. Un conxunto poético de fonda vontade orquestral, no que a poderosa voz do escénico ganduxa unha imaxinería de admirable teselado.

## GALEGOS NO BAIX

**N**a emisora Municipal “Radio Sant Boi”, no 89.4 da FM, emítase cada xoves de 16 a 18h o programa **“Galegos no BAIX”**. Contando coa participación e patrocinio da Asociación C.G.Rosalía de Castro, este programa en lingua galega, nas antigas instalaciónns da emisora, comezouse a radiar no ano 1995 este programiña pero, por causas alleas que non compe especificar agora, deixouse de emitir no ano 1996. Despois dun longo paréntesis, volvemos a retomar esta emisión e no ano 2012, concretamente o día 13 de marzo, comezouse esta nova andaina que dirixen *Armando Fernández*, un dos primeiros comunicadores radiofónicos galegos en Cataluña, e *Xulio Couxil* (que tamén dirixe o programa “Sempregalicia” de Radio Cornellà). Este novo formato consiste nunha especie de magasin composto por diferentes apartados, nos que van debullando novas de interese cultural, político e social da colectividade e das Entidades galegas en Cataluña, diversas entrevistas a artistas, escritores, poetas, cantautores, adegueiros, restauradores e persoas relevantes da cultura galega en xeral. Ten un apartado especial: *“Quen che preguntou?”* de novidades galegas, que o xestiona un dos correspondentes en Monforte de Lemos,



*Xosé Manuel Fernández Montes*. Consiste en informar dalgunhas noticias acontecidas en Galicia empregando uns “me ghustan” e “desghústanme”, con sorna galega, retranca para máis señas. Despois envíanos unha “viñeta” alusiva ao propio programa, que pode ser unha das persoas entrevistadas, unha frase suxerente, un pequeno chiste ou calquera outra cousa que complementa con moita ocurrencia este noso correspondente. Esporadicamente tamén participan como correspondentes Masito Beiró, dende Padrón e Fernanda Follana Neira dende Os Ancares Lugueses. Actualmente Galegos no Baix se reemite os venres ás 15h en “Radiofusión” de Galicia <https://www.radiofusión.gal/>

Existe unha aplicación “APP” que se pode baixar gratuitamente, para escoitar o programa en directo. Tamén se poden escoitar os diferentes apartados no blog que manteñen: <http://galegosnobaix.blogspot.com/> e na propia páxina web de Radio Sant Boi: <https://www.radiosantboi.cat> ●

Autora:  
Clara Vidal López

## A luz ignota

É moi doado dicir  
que loitaría até a morte polos meus  
principios.  
Porque non estiven aí  
cando as palabras eran atravesadas  
por balazos.

Despois, a avoa  
confesou que a súa nai lle cortou un pé ao seu home  
ao agacho do palleiro  
só  
para que ficase  
cando viñeran por el.

Aló,  
termando da familia  
sobre unha pata,  
na antibélica eira  
da paz.

Ela apenas tiña 7 anos.

No alto,  
o sol quentaba o millo  
e a guerra sobreoaba deixando  
pegadas de ruído que ocultaban  
as ondas de frecuencia reprimidas.

Daquela,  
escoitaban a radio co mesmo temor  
que penetra agora á miña avoa se ouvean  
aeroplanos.

Destes paseos polo aire  
tamén brotaban cadáveres.

Xa pasamos de século.

É curioso como  
o turismo dalgúns  
pode ser unha ameaza de bomba  
que permanece

na cerna do cerebro  
que se resiste ao esquecemento  
das persoas que non viaxaron  
porque non había hoteis para animais de estimación  
a quedaren coas vacas.

Tampouco había cartos.

Mais ían en carro á feira e iso era  
o luxo.

Unha vez,  
aínda era noite,  
coma todos os días,  
no medio das lagañas,  
o ceo  
prendeume lume na súa superficie.

Foi así como lle puxo nome  
a unha aurora boreal  
que alumeaba Paderne no medio dunha  
tregua de loita  
cando os malos e os bos aínda durmían.

Mais ela non

porque Betanzos  
ficaba lonxe de máis para agardar os galos.

Medo.  
Ese incendio que nunca vira e que  
os meus ollos  
non contemplaron  
bautizouno coma Medo.

O mesmo sentimento que noto na súa man  
con cada tronido.

Quédame buscar  
estadías en Groenlandia que me equiparen  
ás súas experiencias nesta vida  
vendo lumaradas celestes

porque non tiven a desgraza  
de nacer  
na fame.

Oxalá ela esquecese  
o pavor do descoñecemento  
daquel 26 de xaneiro de 1938

e non a min.

## SEGUNDO PREMIO

Autora:

**Carmen Gómez García**

### Beón

E vai Eloi con 8 anos tanguendo os bois  
nese doce océano de xungos e cunícolas  
que a alba creba en mil espellos  
vai Francisco agarrado ao rabo dunha vaca  
rillando o pan duro ás agachadas  
pensando no martelo poderoso dos ferreiros que noutrora  
cuspiu unha poza inmensa na barriga deste mundo  
e na Campina da Paxariña andan pegas rabilongas a petiscar arreo  
que é moita palla a de gobias e capelas  
e garda a Pedra Alta historias de arcas e afogados  
que aboian canda a brétema  
e conta que ouvea o lobishome nas noites de lúa chea  
e que bandidos veñen roubar o sono das meniñas  
non temas non temas  
susurra o vento amable e fuxidío  
e vai Arsenio á beira dos valados  
tornándolles as moscas ás que pacen  
sentindo o sangue que súbito se ergue e súbito esmorece  
pois cando a Fame regaña os dentes muda a ansia e arrefría  
e vén co trono un arrepío  
mais sosega o vento e susurra  
non temas moción non temas  
e aí vén Manuela de Folgoso  
co sono debruzado na ferraña  
cavilando na roupa que arde no Penedo do Angaraño  
e en como fenden a noite cirios e candeas  
vai a meniña cos petos furados pola fame  
que se esvae que se esvae  
en peites de ouro e trabes que espertan a cobiza  
ai que feble fortaleza a desta xente  
que estraña maldición nas tardes sen merenda  
coa avoa a agatuñar polos ombros  
bule bule meniña que anda o demo entre as felgas  
furtándolle ao fiúncho e ao romeu arrecendos  
e co tremor de espellos no pantano

ata as canas estarrecen  
e termendo dos cadelos  
vai Genoveva de Penedo  
ghavela á cabeza  
dende o Carballo Furado ata O Portiño  
dende a Torrañeira á Touza Neghra  
coas bichas querendo prender nas pernas  
que falan de Delfina a das Pegas  
que fora cocer o pan e veu o corvo e devorouna  
polo fío do lombo espíase o medo  
espíase  
agarra peito  
tronza costelas  
e no carro vai Dolores ata a Chaira Pequena  
e pasa a barca de Delmiro  
con Genoveva Manuela e a vella Antioquía engruñada nas sombras  
ecos difusos doutro tempo  
de cínifes de mouras que fían ouro enriba dos penedos  
aquí antes e agora Tremedoiro Madorra Castro Pena  
porén non é esta aquela bruma  
nin aquel sol o mesmo que pendura deste banco  
onde sentan Albina Eloi Manuel Cardeita e a memoria  
aquí din  
houbo un doce océano ateigado de xungos e cunícolas  
de níos de ras de bion  
que avantaba muros e envorcaba na semente  
unha mole hídrica trezada no peito de cobras e narcisos  
onde milleiros de ás nubraban o sol de novembro  
charrelas pousaban nos cornos dos bois  
e vacas nadaban  
creban mil espellos ao amencer  
chora unha cidade en ruínas  
e o vento fatigado e triste non é quen de susurrar  
non temas meniña non temas





## TERCEIRO PREMIO

Autor:

**Martiño Maseda Lozano**

### **Teatro de marionetas**

Lema: *a terra prometida*

#### **prefacio distópico**

e que somos neste silencio que atravesamos a área das nosas mans,  
se nos roeu un enxame de crueis palabras  
que non escoitamos zoar, mais si estaban ás portas da linguaxe  
ocultas tras unha mascarada de epítetos francotiradores,  
(a noite cómplice protexéaa da nosa ferida cautelosa)  
e xa non soubemos reaccionar entre a espesura lacerante da néboa  
impregnándose na pel que un día nos volvera especie inhumana

#### **escena 1ª**

cabalgamos para a conquista da terra prometida,  
sobre a montura dun cabalo baio chamado *sangue*

#### **escena 2ª**

o primeiro proxectil detivo o tempo  
e fracturou o relanço da frase que se forxaba nos dentes do abismo,  
o segundo berrou na noite pecha con sorriso criminal  
saboreando o sedimento da memoria adulterada,  
co terceiro tiro, o medo silente esgazou as costelas da primavera  
e cantamos o himno adventicio desa tiranía  
que prohibiu a fachenda amarela nas margaridas

#### **escena 3ª**

no estalido do abrente cospen as bocas sobre a identidade dos caídos  
e os seus nomes serán borrados durante a festa perversa da satrapía  
bebemos para renegar da nosa conciencia acusatoria

#### **escena 4ª**

axiña comezarán a buscar superviventes entre as ruínas da noite  
para reescribir a historia, paradigma da mansedume,  
sobre a xeografía dos corpos xacentes. E repartirán os restos  
coma xogadores nunha partida maquiavelicamente pautada,  
onde o sangue da derrota fica disimulado baixo o esplendor da herba  
que se visualizará en formato de filme utópico no horario da sobremesa,  
e abrollará a compracencia dos ollos que fitan atónitos  
nos seus cómodos asentos de coiro e sutil indiferenza,  
cando o alento tronza en cada salaio do anhelado íntimo  
que sobreviva ao impacto de bombas liberadoras, din,  
que nunca terán dedos culpables nin escudos que as eviten

**escena 5ª**

hai un berro agoniando entre foula de pisadas fuxidías  
que cheiran a metralla e fascismo  
a vida es/gaza  
contra a franxa que perde o seu norte  
éxodo de almas arrastrando os seus pés descalzos  
ningún deus escoita clemencias  
de seres que naceron para o sacrificio terreal  
apátridas dun ultimato decretado pola trabada do talión  
que recrea o campo de concentración da memoria  
onde as vítimas pasaron a ser verdugos  
onde o cheiro a carne queimada  
non brinca o muro das lamentacións  
desde os cómaros do ocaso aprema a barbarie uniformada

**escena 6ª**

unha nai orfa, cos ollos desertos de bágoas,  
o lume rabuñando coa súa impúdica lingua a soá da casa  
que ofrece as fiestras ao aire contaminado das sombras,  
unha rogativa de miradas que buscan escorrentar o medo,  
mentres o medo se agocha do asubío nefasto da aldraxe  
perpetrada polas hostes da malicia que levamos dentro  
galopa o alazán da conquista establecendo os perímetros da súa a-  
*moralidade*  
e proclama o seu berro de guerra  
*ue ue non é ue ue non é ue ue non é*

**escena 7ª**

a palabra *amor* sempre se sitúa  
na traxectoria do disparo

**escena 8ª**

tes os ollos enfermos  
de gozar visualizando tanta pornografía  
de corpos violentados  
na intimidade dos cuarteis  
tes a boca lasciva  
como a navalla que atravesaba anacos de pan duro  
e xa non sabes comer sen tensar os dentes  
cando esnaquizan o sorriso da inocencia  
tes o odio aceso  
e os dedos entumecidos contra o gatillo  
á espera doutra orde purificadora  
*teu será o reino dos ceos*



# AS NOSAS MÚSICAS

Por: Xulio Couxil Vázquez



## 1- AILÁ DE NADAL



**Único Disco de panxoliñas tradicionais deste 2023.**

Chegounos a noticia deste disco pouco antes da súa presentación no Culturgal en Pontevedra. Conversamos con Xan Pampín para que nos comentara algo sobre este traballino tan feitiçeiro e mandounos un completo informe que resumimos un bocadiño. Son oito temas que percorren Galicia ao traveso das cantigas populares de Nadal. Cada canción está ilustrada por Gloria Pavía. Comeza con Aninovo de 1860, recollido no Ayes de mi país, o cancionero de Marcial Valladares. A seguir está Reises de Bendollo, pertencente ao Cancioneiro Antropolóxico de Quiroga, Ribas de Sil e Montañas do Lor, de Xosé Luís Foxo. Maitines de Montemaior é unha canción pouco común, maitines propios da zona de Bergantiños. Esta canción foi recompilada por Mercedes Peón e Nando Cruz no Raiceiras II. En Caminiño, caminiño, atópase algo tamén pouco frecuente, un romance cantado á Virxe e o cego, que se adoita recitar. O quinto tema é Reis de Oriente, recollida no Cancioneiro Popular Galego, por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina a Concha e Felisa de Arzádegos (Vilardevós) no 1981. Despois atópse As Xaneiras, un tema de Moscoso (Pazos de Borbén) recollido por Carlos Rey a Aurelio Veiga. Outros cantares de aguinaldo son as Prosas de Reis, chamadas así en Rianxo. Neste caso son a mestura de dúas versión de María Tubío e de Rosa Quintáns. O disco remata coas Coplas de Nadal de Soutoxuste, recollidas por Alan Lomax en 1952.

Ailá está composto por Ángela Carou (voz e percusións), Manuele Pardo (voz, percusións e gaita), Abel Gañete (trompeta e fliscornio) e Xan Pampín (acordeón, bombo e pianos). Neste álbum participan como convidados especiais Gutier Álvarez (zanfona), Pedro Pascual (mandolina, percusións, guitarra acústica e guitarra española, bouzuki), Antía Vázquez (voz), Uxía Cabanas e Andrea Cabanas (voces), Nikolay Velikov (violín), Uxía García Conde (frauta traveseira) e Manuel Rey Romero (tambor).



## 2- PANCHO LÓPEZ



**Documental de Florencio López o cego dos Vilares.**

Desde Homero ata os nosos días, os cegos sempre mostraron unha especial sensibilidade nas distintas expresións artísticas. Normalmente desenvolvía aptitudes que compensaban a súa carencia.

Nos anos 80 do século pasado, a aparición da ONCE ofrece unha cobertura social que abriría moitas portas, pero ata ese momento as opcións que tiñan os cegos para situarse no mercado laboral eran escasas. Unha delas era dedicarse á música.

Antigamente, se un rapaz ou rapaza tiña aptitudes para aprender a tocar algún instrumento podía asistir a un centro, como o Colexio de Xordo-Mudos e de Cegos en Santiago de Compostela ou podía adquirir estudos musicais que outros cegos músicos impartían. Unha vez adquiridos os coñecementos oportunos unha das opcións que tiñan era realizar as actividades propias dos cegos músicos ambulantes nas rúas: "canto de coplas" que logo vendían impresas nos pregos de cordel, bailes, cegadas, animación de vodas, bautizos, ruadas, feiras, romarías e todo tipo de eventos aos que se lles convidase. Este é o caso do personaxe que presento neste documental: Florencio López, o cego dos Vilares.

Con este documental, pretendo dar visibilidade e recoñecemento a un dos máis grandes músicos galegos, Florencio López. Naceu no ano 1914 nun entorno rural, no lugar de Pin, na parroquia de Bruicedo, no concello de A Fonsagrada, sofre varíola na súa infancia ademais dunha parálise que o deixa cego e con non moita mobilidade. Logo

de estudar música e violín con outro cego, decide seguir aprendendo pola súa conta chegando a ser un gran intérprete deste instrumento. Percorre as aldeas e vilas do norte de Lugo e o occidente asturiano tocando en romarías, ruadas, vodas, bautizos, cegadas e alí onde o chamaran. Nuns anos nos que aínda non existía a cobertura social da ONCE, as súas oportunidades para desenvolverse na vida eran escasas, sendo considerados en moitas ocasións menciñeiros ou xentes marxinais. Isto non era certo. A súa vida como músicos ambulantes era dura pero sobrevivían como músicos profesionais tocando e cantando as coplas que logo vendían en pregos de cordel.

Para facer este traballo, Fven a gran sorte de contar coa xenerosidade dos que nel participan: filólogos, musicólogos, veciños, músicos, estudiosos do seu repertorio, etcétera.

O meu agradecemento a todos eles, que colaboraron desinteresadamente para botar un pouco de luz na marxinalidade na que permanece.



*Florencio Dos Vilares*



### 3- XX – ENCRUCILLADA. LUAR NA LUBRE



Da man de Baía Edicións este 14 de xullo preséntase ao público XX- Encrucillada. O novo traballo de Luar Na Lubre, vixésimo da súa carreira discográfica, é unha ollada atrás á historia dunha banda que cumpre 37 anos en activo en 2023. Ademais, a formación sinala que este será probablemente o seu último traballo en formato físico.

Nos dezaseis temas do disco, o grupo recupera voces e colaboracións de persoas que participaron do proxecto ao longo da súa prolongada carreira. Así, pódense escoitar unha nova versión do tema Canto de Andar, coa voz de Rosa Cedrón, vocalista do conxunto entre 1997 e 2005.

Cedrón tamén participa de Romeiro ao lonxe, unha peza na que están presentes as voces de Paula Rey, Sara Vidal, Marisa Valle Roso, SÉS, Irene Sánchez, Anna Espinosa, Irene Cerqueiro e a actual voz do grupo, Irma Macías. O volume inclúe tamén unha das últimas gravacións de Pablo Milanés antes do seu falecemento, El largo Camino de Santiago.

Canda a estes, temas populares do grupo aparecen con novas versións, como Cantaixeire, Ancares, o Romance de novembro ou Cantiga de Santa María, gravada coa Orquestra Sinfónica de Bratislava.

Para alén dos temas que inclúe o álbum, o libro, de 160 páxinas, recolle relatos, fotografías e testemuñas de máis de 60 personalidades da música, a literatura e o xornalismo que analizan a traxectoria histórica da formación.



### 4- LUGAR A PONTE. CALDO

Este é o segundo álbum de Caldo, o trío conformado por María Jorge (violín), Anaís Barbier (voz e pandeireta) e Pedro Fariñas (guitarra e gaita). O novo traballo discográfico do grupo, que sae hoxe en plataformas, é unha proposta moderna, íntima e potente, ategada de honestidade e de responsabilidade tanto coa tradición coma con elas mesmas. Un disco profundo e persoal no que comezaron a traballar desde o confinamento e que foron perfilando ata acadar, tres anos despois, un álbum que leva por nome o fogar onde o propio Caldo agromou: o Lugar A Ponte, na comarca do Val Miñor. O proxecto de Caldo foi premiado co galardón ao Mellor proxecto de música folk nos Premios Martín Códax da Música (2020) e resultou gañador do concurso Fran Pérez 'Narf' da Deputación da Coruña (2020).

Producido e gravado man a man con Alberto Cernadas, con 'Lugar A Ponte' Caldo avanza na procura e experimentación do seu universo creativo para incorporar novas texturas e atmosferas á súa

sonoridade, mais sen renunciar á súa identidade, que agroma e bebe con forza da tradición, e incluíndo gravacións ao directo coma nos seus inicios. Así, o produtor e instrumentista acompañou ás creadoras nun longo proceso no que se deixaron levar e integraron novas capas, á vez que procuraban estéticas marcadas para definir esta nova etapa, máis madura, honesta e cavilada. Alén do salto na produción -desde o primeiro álbum, Caldo, gravado ao vivo-, outra das principais novidades con respecto daquel disco homónimo é que, alén da intervención ou adaptación de letras tradicionais, Caldo suma, en moitos temas, lírica propia. Textos asinados por Anaís Barbier, que se xuntan a outros que o trío reinterpreta para narrar, neste 'Lugar A Ponte', as historias ou episodios que conforman un álbum que fala, dalgún xeito, das sensacións dentro do fogar, dese lugar ou núcleo que se constrúe paseniño, da man da contorna próxima e querida.



### 5- EEEIII CARBALLEIRA. UXÍA LAMBONA E A BANDA MOLONA.

Este é o traballo que veñen de publicar os amigos de Uxía Lambona e a Banda Molona. Estivemos comentando con eles a súa traxectoria interpretativa e os seus concertos ao longo deste pasado ano 2023, emandáronnos esta novidade tan interesante, que poñemos aquí para disfrute de tódolos nosos seguidores.

Nenas, nenos, nais, pais, avoas, avós, curmáns, curmáns, tíos, tías, marcianos, ratos, ras, vacas, insectos voadores, astronautas, gaiteiras, pallasos, mecánicas...xentes de aquí e de acolá, xentes do mundo!!

Despois de dar voltas e reviravoltas a Galicia, norte, sur, este, oeste, de baixar, subir, brincar e rebrincar prazas, rúas, auditorios, teatros e incluso concertos intercibernéticos...aquí seguimos batallando, rebentando coa nosa forma particular de ver o mundo, a música e a cultura...

E estamos aquí de novo para vós amosar ese mundo imaxinario no que viaxamos... ese mundo cheo de tolemias, de viaxes, chimpos e soños..., para vos amosar...EEEEIIIII CARBALLEIRA!!!, cargadiño de temas para cantar, bailar e alegrar o corazón, pero tamén nesta ocasión, de contos en banda deseñada.

Como sabedes, Uxía Lambona e a Banda Molona somos Serghaño, Roscón, Ñoc, Pali, Abraham e Uxía, e ides atoparnos no cómic, claro!, pero con nós está sempre Javi, o técnico de son, que fai un traballo xenial..., e ao que normalmente non vedes.

Pois...tedes un reto!, hai que atopar a Javi en cada un dos cómics!, e siiiii!, está en todos!, veña!!, “onde está Javi”?

Agardamos que vos guste, que nos acompañedes nesta particular viaxe e que compartades momentos cargadiños de sorrisos!!



### 6- NA LÍRICA EMOCIÓN. A QUENLLA.

Esta grande formación musical “A Quenlla”, ven de presentar o mes de novembro pasado este novo traballo discográfico, a piques de celebrar o seu corenta aniversario. Este dicos “Na lírica emoción”, está adicado íntegramente ao poeta Avelino Díaz Díaz, con doce cantigas “cunha sonoridade que bebe da tradición e que percorre diversos estilos para achegarse ao folk de raíz”, segundo explica o grupo.

Avelino Díaz (Riotorto, 1897 - Bos Aires 1971) foi un emigrante e exiliado político en Bos Aires, claramente posicionado contra a ditadura franquista. Marchou por necesidade económica e soubo formarse, deixando unha obra inmensa que merece ser estimada e estudada entre a que hai un total de 1.178 poemas dos que se teña referencia, segundo informa A Quenlla, que indica a existencia de polo menos 6 poemarios, deixados dispostos en cartafoles que permanecen inéditos. O 31 de xaneiro de 2014 foi refundada a Asociación Cultural Avelino Díaz, con sede en Meira pero na que se integran case corenta entidades de toda índole das comarcas da propia Meira e da Terra de Miranda O seu obxectivo: promover a investigación e a divulgación da súa vida e da súa obra. Desde os seus inicios apareceu nos relatorios de posibles iniciativas a idea de publicar un disco con cancións creadas a partir da poesía de Avelino. No camiño, grupos musicais diversos compuxeron temas con poemas coñecidos do autor: a Banda de Música Municipal de Meira, a Coral de Riotorto, o grupo de pandeireteiras Nove Ferreñas, o coro da escola de música Pena Gallada, The Tripa Street Band,

Voladura, Tango en Xaneiro, o dúo formado por Enma Blanco e Brais Fontán... Todo empezara en 1977, non obstante, co “Meniño labrego” de Xerardo Moscoso, un poema incluído no disco ‘Acción Galega’, unhas das iconas da Nova canción galega e hoxe péchase ese círculo con este traballo ‘Na lírica emoción’ presentado por A Quenlla que mantén viva a memoria de Avelino Díaz e a súa vixencia con este proxecto longamente madurado que vén representar algo así como unha pousa na carreira de fondo para recuperar plenamente a Avelino.



## 7- QUITAR O AIRE. CAAMAÑO & AMEIXEIRAS.



Logo do éxito do seu álbum de debut Aire, Sabela Caamaño e Antía Ameixeiras lanzaron no mes de outubro o seu segundo traballo. Quitar o aire, publicado por Raso Estudios. Aмоса unha exploración de novas sonoridades por parte do grupo en nove temas como A pequena morte, Entrudio, O corpo aberto ou Mortalla morte, mortalla de amor. A proposta amplía o repertorio de Caamaño & Ameixeiras e suma, da man da produción de Hevi, propostas máis rítmicas, aires balcánicos, cortes de gravacións recollidas nas aldeas e sons mais disonantes a rachar a proposta do anterior traballo do dúo.

Os cantares máis tradicionais collen o protagonismo na nova produción, que se presenta como un disco conceptual “inspirado na ritoloxía popular galega. Un universo fascinante onde realidade, maxia e relixión conflúen para procurar respostas, para sandar e para celebrar a vida. Un mundo que sitúa no centro á tribo, á comunidade, entendida como unha rede de axuda para salvarse as unhas ás outras”.

Segundo sinala a presentación do proxecto “o dúo íspese emocional e musicalmente para conectarse coas súas raíces e mergúllase neste imaxinario, que tamén é o seu, para visitar e recrear algúns dos seus lugares máis fermosos e suxerentes. Dende a intimidade e a tristeza do loito á exaltación e celebración pola cura da enfermidade. Dende a ilusión excitada dos filtros de amor ata a escuridade poderosa dos exorcismos”. Para a produción, o dúo contou co asesoramento do antropólogo Rafa Quintía.

## Despois das eleccións autonómicas

Por: Salvador Soutullo Carolo

**S**e miramos os resultados electorais das derradeiras autonómicas do 18-F en clave BNG veremos que o Bloque sacou 25 deputados e segue a ser máis potentemente a segunda organización no Parlamento Galego.

Non hai razón para decaer na loita por gobernar a Xunta da Galiza. Dende Amio estamos a recuperar nos moi ben. A liña de traballo que ten a nosa portavoz nacional, Ana Pontón, é moi boa e estamos no bo camino para gobernar.

Os veciños de Boqueixón non teñen porque collerlle medo a un goberno do Bloque na Xunta.

Para poder acceder a máis melloras para Boqueixón é preciso ter unha mesma organización a nivel local e autonómico no noso concello de maneira que sería bo que apoiáramos ao Bloque tanto no goberno de Boqueixón coma no da Xunta tal como está a facer dende hai anos o PP en Concello e Xunta.


Ainda que só sexa por unha cuestión de hixiene política temos que cambiar os gobernos do PP por outros da organización líder na oposición (BNG).

Un colectivo que só se plantexa traballar no Concello e non a nivel nacional non poderá acceder as mesmas axudas que un colectivo coma o Bloque e por iso vos pedimos o apoio ao BNG en todo o país indo do local o nacional.

Non é certo que o local é o máis importante para o día a día das persoas, o local sen un apoio a nivel nacional ou da Xunta da Galiza estaría moi limitado aínda que chegara a gobernar no Concello.

Os cartos están maioritariamente en Deputacións e Xunta e é por iso que son tan importantes as organizacións nacionais.

O Bloque Nacionalista Galego ofrece aos cidadáns de Boqueixón unha organización nacional e nacionalista para resolver con eficacia os problemas dos veciños de Boqueixón.





## “Prisciliano foi un home alternativo e visionario”

Por: Iria Fernández Crespo

### MONCHO PAZ, XORNALISTA E PRESIDENTE DE AMIGOS DE PRISCILIANO

O xornalista Moncho Paz preside na actualidade a Asociación Cultural Amigos de Prisciliano, fundada polo escritor Ramón Chao (1935-2018). A entidade ten programadas varias actividades para 2024, orientadas á recuperación da memoria histórica, á investigación en materia de prensa local -coa presentación do proxecto Fonda Chao- e á reivindicación da figura de Prisciliano, un home adiantado ao seu tempo e executado por herexe no século IV.



*Moncho Paz e Ramón Chao en Compostela (2013)*

### Como xurdiu a idea de crear unha asociación cultural?

Dende o seu retiro en Sèvres, Ramón Chao promoveu, coa axuda de varios galegos afincados en París (e tamén outros convencidos, como Jean-Claude Carrière e Jacek Wozniak) a reivindicación de Prisciliano a través dun proxecto que lanzamos inicialmente como “colectivo cultural”. Tras a reconciliación definitiva co seu pobo natal, Vilalba, decidiu que visitaría Galicia varias veces ao ano. E así foi. En 2011 comezamos a selección das persoas que hoxe integran a xunta directiva da asociación: catro socios fundadores, dez delegados en Galicia e outros dez representantes diplomáticos alén da nosa terra. O presidente de honra é Antoine Chao e a presidencia herética (a máis alta distinción) recae sobre Ignacio Ramonet, quen tamén exerce de embaixador plenipotenciario polo mundo adiante. Outro colaborador noso é o bufón Leo Bassi, máximo líder da Igrexa Patólica, ubicada no barrio madrileño de Lavapiés.

### Falemos das orixes de Ramón Chao, de Vilalba e da fonda que rexentaban os seus pais.

En realidade, só viviu alí ata os dez anos; despois marchou cara Madrid, onde estivo internado no colexio Santiago Apóstol, e dende alí saltou a París en 1956. Ao principio, regresaba a Vilalba cada verán. E tras a polémica que xerou a súa primeira novela, O lago de Como, viña a Galicia cada dous anos, pero nunca a Vilalba; quedaba na casa que mercara en Bastavales, para estar máis preto de o seu irmán Pepe. Sempre dicía: “Tiven a sorte de nacer nunha fonda, onde ían Xosé María Díaz Castro, Cunqueiro, Torrente Ballester, os irmáns Risco... A todos eles coñecinos sendo





*Ramón Chao coa escultura de Prisciliano, de Servera (2015)*

nenos. Durante moitos anos non sabía quen eran, ata que tomei conciencia de que formaban parte da intelectualidade do momento”. Tamén pasaron polo establecemento moitos cregos e contadores de historias. Iso proporcionoulle a Ramón unha cultura popular impresionante e unha retransmisión chairega que identificamos no conxunto da súa obra literaria, na cal Vilalba sempre está presente.

### **Que leva a Ramón a inspirarse na figura de Prisciliano?**

Escoitou por vez primeira o nome de Prisciliano na fonda Chao, en boca do seu pai, que invocaba a autoridade de Unamuno contra o mito de Santiago Matamouros, cando afirmaba que “ninguinha persoa culta, por moi católica que sexa, pode pensar que en Compostela están os restos de Santiago”. Anos despois, a figura histórica de Prisciliano foi o punto de encontro co seu irmán Pepe, tras un longo distanciamento que se pechou nos anos oitenta, cando comezan a estudar ao herexe, rematando coa edición dos seus respectivos libros en 1999. Xosé publica ‘Prisciliano, profeta contra o poder’ e Ramón fai o mesmo con ‘Prisciliano de Compostela’. Pepe aborda a figura dende unha perspectiva teolóxica, convertíndose no verdadeiro impulsor de Prisciliano en Galicia, pois crea escola cos seus amigos Bernardo García Cendán (ponte con Ramón en París e un dos fundadores do Instituto de Estudos Chairegos en Vilalba) e Alfonso Blanco Torrado (fundador da Asociación Cultural Xermolos en Guitiriz). Pola súa banda, Ramón reivindica a Prisciliano como home alternativo e visionario, a través dunha peculiar peregrinación en motocicleta dende París a Com-

postela, para coñecer a verdadeira historia da vida, da traxectoria e da morte do herexe. Durante esa viaxe coñece a diversas persoas que, cos seus relatos, van marcando a seguinte etapa do camiño. En realidade, trátase de dúas liñas paralelas: a da vida de Prisciliano e a da traxectoria persoal do autor. Hai un momento de inflexión: cando o seu fillo Manu (identificado na obra como Óscar) recupera o instinto ao chegar a Compostela e alí crea o proxecto A Feira das Mentiras, como confesará anos despois nunha entrevista que me concedeu en Barcelona: “Cheguei a Galicia e o país enteiro curoume”.

### **Ramón é un referente no mundo da radio do século XX. Cal foi o seu gran legado nas ondas?**

Sen dúbida, o espazo ‘Esbozos’, con aquel arranque “RFI presenta: Grandes Voces da Cultura Hispanoamericana, unha serie de entrevistas con personalidades da literatura e as artes, dirixida por Ramón Chao”. Encargouse de impulsar a redacción latinoamericana de Radio France Internationale e por iso concibiu esta serie, que co tempo converteuse nun tesouro radiofónico. Imaxínate... Por alí pasaron autores como Julio Cortázar e Jorge Luís Borges (Arxentina), Severo Sarduy e Cabrera Infante (Cuba), Julio Ramón Ribeyro e Bryce Echenique (Perú) ou Juan Carlos Onetti (Uruguai), entre moitos outros. Como xefe das emisións en español de RFI, Chao achegou a cultura latinoamericana a Europa, especialmente a súa gran literatura, en pleno “boom”. Desta maneira axudou a xerar unha opinión pública crítica contra as ditaduras militares en América Latina. Ese foi o seu gran legado.



# SERES HUMANOS PENSANTES ¿EXERCEMOS?



Por: **Paco Ascón**

**E**va e Lois son uns nenos que, como todos os demais nenos do mundo, chega un momento no que comezan a facerse preguntas sobre todo o que lles rodea, Eva e Lois non entenden de diferenzas raciais, non entenden de cores nin de fisionomía, pois desde pequeniños ensináronlles que todos os seres vivos do mundo somos distintos, que non existe ninguén exactamente igual a outro, nin sequer os maiores científicos do mundo, conseguírono con esa aberración que resulta a clonación. Nunca dous seres vivos serán iguais, algunha, por insignificante que sexa será a diferenza, pero seguro que a hai. Mesmo entre os seres humanos, a tendencia xeral é facernos crer que os irmáns xemelgos son idénticos, pero non o son, nin física nin psicolóxicamente, pois aínda no hipotético caso de que efectivamente fosen fisicamente idénticos, o seu carácter nunca será igual, e esa é a grandeza do ser humano, que sendo todos distintos, realmente todos somos iguais e temos a mesma misión neste universo, no que fomos colocados con esta forma e aspecto físico e sobre todo coa capacidade de pensar. Esa peculiaridade exclusiva, que nos debería servir para observar detidamente cómo e porqué ocorren as cousas ao noso redor, con


capacidade de análise e espírito crítico, desgraciadamente non é utilizada tanto como debese. Porqué somos tan necios?, que non nos damos conta de que na maioría dos casos non utilizamos esa característica humana tan importante e vital como é a de pensar. Se o fixésemos, chegaríamos á conclusión clara e evidente, de que o tempo cronolóxico que permanecemos no universo na forma de seres humanos pensantes é tan escaso, que resultan inútiles e estériles, todos eses desmedidos esforzos que facemos no transcurso deste instante que chamamos vida, por diferenciarnos dos demais, querendo demostrar sempre que somos mellores, que somos máis altos, máis listos, máis guapos, máis brancos, que os nosos ollos son dunha cor mais bonita que os do noso veciño, que fomos capaces de acumular máis riquezas e posesións que os demais, aínda que ás veces sexa por procedementos non demasiado limpos. Perdemos inutilmente o pouco tempo que temos, nesas accións absurdas que só nos provocan malestar cando non logramos a nosa pretensión e odio e incompreensión dos demais cara a nós se o conseguimos. Isto que sempre nos crea frustración, fai que abandonemos nosa verdadeira misión como seres pensantes, que é o única pero que é básica



*Alba no Castelo (Paco Ascón)*



e moito máis sinxela de conseguir do que cremos, que simplemente é a de tomar a única decisión que está na nosa man, decidir ser felices, co que sen dúbida conseguiremos ademais de selo nós, que o sexan o resto de seres humanos que nos rodean, sen envexarnos estupendamente uns a outros. Sabemos ben que hai suficiente riqueza para todos se non a destruímos e o universo, dispón de máis que suficientes recursos renovables para todos eses seres pensantes, así como para o resto de seres vivos dos que ás veces somos depredadores sen escrúpulos. Se realmente exercémos de seres pensantes e de verdade pensásemos con acougo, dariámonos conta de que sendo máis que os demais, outros serán menos, se nós temos máis, outros forzosamente teñen menos, rompéndose por tanto ese equilibrio que representa precisamente a base da felicidade. Sería tan difícil, xa que somos distintos pero iguais, decatásemonos do magnífico que é, que aqueles que teñan máis facilidade para exercer unha determinada habilidade, instrúan ao que non ten tanta, ou simplemente axudarlle nela. que ocorrería se



*Supervivencia (Paco Ascón)*

temos en exceso algo do que carecen outros?, sería tan difícil equilibrar esa situación? Cal é a razón? de que non utilizemos esa habilidade que o universo puxo ao noso alcance e parémonos a pensar, qué somos, qué facemos aquí, para qué estamos durante este escasísimo espazo de tempo, tendo en conta os milleiros de millóns de anos de duración dese mesmo universo. É evidente que a esta certeza, eu polo menos cheguei tarde, pois se xa é escaso o tempo material que o ser humano se mantén no universo como pensante, aínda é máis escaso o que me queda a min, desde que considere a necesidade de cumprir coa miña misión de ser feliz, ata que chegue o momento da miña transformación. Por iso os meus netos Lois e Eva, que come-



*Montes de Xares (Paco Ascón)*

zan agora a facerse a sí mesmos esas preguntas, tan habituais nesa idade, pero que tan pronto deixamos de facérnolas porque deixamos de exercer como pensantes, encantaría que decidisen xa desde agora, cumprir con esa misión, pero tamén é evidente, que a responsabilidade de facerlles entender esa necesidade xa non é miña, senón dos seus pais e creo que, igual que me pasou a min, aínda non chegaron eles mesmos a ese convencemento. Eu cheguei tarde á miña certeza de cumprir coa miña misión, co cal tamén cheguei tarde para convencer diso aos meus fillos e tamén ás miñas netas maiores, só queda esa esperanza utópica cos meus pequenos Eva e Lois, aos que en teoría queda algo máis dese escaso tempo para ser felices por decisión propia. Quizais isto teña que ser así inexorablemente, quizais sexa verdade que o ser humano non é un ser perfecto e tamén quizais, sexa necesario experimentar as fases negativas da vida, antes de convencerse de cal é o camiño realmente positivo, que nos faga exercer como pensantes. Aínda que sexa tarde, aínda que os sufrimentos propios dunha vida complicada sexan desmesurados e dolorosos, aínda que a propia convivencia sexa complexa, eu cheguei a ese convencemento fai xa tres anos e o saldo é francamente positivo, o é para o meu e creo que tamén o é para os que me rodean.



**E**duardo Carreira López é un neno de 51 anos, nado nas Terras de Castroverde, Lugo. Adicado á pintura, escultura, escrita -prosa e poesía-, anda a colaborar con dúcias de escritores da Galiza e facendo tamén aportacións en libros colectivos de ámbito internacional. Hoxe membro do grupo de escritores e poetas Os Nabos De Gracián, onde xa está o seu primeiro libro en editorial, próximo a ver a luz.

Colaborador en recitais, presentacións de libros por toda a xeografía galega, é tamén pregoeiro na súa Terra, levando ademais cadros (óleos e acrílicos) por outros lares, dicindo sempre que pinta en galego.

Un neno de 51 anos inquedo, un papalibros herdado do seu pai, con musicais nas súas entrañas afinadas pola súa nai, e co corazón desfacéndose de amor e poesía.

Un maldito soñador.

### **Meu amor aventureiro.**

Dentro dun intre  
non collen os bicos viaxeiros.  
Preciso dunha eternidade  
mesturándose no ar do teu vento  
aventureiro, amor.  
Aventureiro.  
Aliaxe metálica e visceral  
das almas que buscan camiños  
lugares de ríos e sal  
sen pensar nalgún destino  
collidiño da túa man, amor.  
Aventureiro  
Ruada co día nas costas  
roteiro da noite no peito  
mirada de forma espiral  
ao luscofusco dereito  
bicando o teu bicar, amor  
Amor Aventureiro.  
Xa somos da eternidade  
desa que agarda no val  
Somos nómades viaxeiros  
agochadiños entre o ben e o mal  
testemuñas dos latexos  
Do noso amor sideral  
Cósmico e Aventureiro  
Meu amor.  
Meu amor  
Meu amor aventureiro.

### **Meu amor aventureiro.**

A maxia voa pousada nas  
ás un mouchiño.  
Camiña o tempo que  
nos fai transitar, así amodiño.  
E vexo a Terra Verde.  
Amosando feitizos de eternidade.  
Levo un estraño arrecendo  
baixo a miña pel inerte.  
Quere voar. Quero voar ...  
Silencios de auga ó  
cantar do vello río.  
E o tempo segue a pasar  
facendo un novo camiñar  
Sabendo que son inmortal.  
Só quero voar. Quero voar ...  
Apuntar as chorimas ás  
espiñas da noite.  
E o horizonte vermello  
deixa de clarear.  
Espero, avanzo, nu / espido por dentro  
atopo o descanso  
e quero voar. Quero voar!



**E**stou de volta. Non sei nin como pasou. Un día pasóuseme a posibilidade de pola cabeza e de súpeto estaba na Galiza sen billete de volta. Algo lle debeu ocorrer á miña cabeza que agora, tras anos trocando polo estranxeiro, o verde dos prados e o vento oceánico atráenme como unha serea ao seu mariñeiro.

Mais non volví a mesma Galiza da que partín. Esta é distinta, a pesar de que retornei ao mesmo concello do que saíra, o lugar celta ao que volví acólleme como a unha forasteira. Esquecín as costumes. Algunhas nen sequera as aprendera antes de marchar. As cousas tamén cambiaron por aquí, polo que xa non distingo o que é novo do que sempre foi e nunca souben. Síntome perdida. E con todo, o certo é que me atopei. Son unha inmigrante na miña propia terra.

Fai dez anos que me unín a esa fuga de talentos da que tanto se fala. Non sei se daquela tiña talento ningún, mais do que estou segura é de que en Inglaterra estabanme a esperar para poñerme a traballar de inmediato. Pouco lles importaba alí de onde viña eu. Non se lles pasou pola cabeza que procedía do rural, que os códigos urbanos só os coñecía no referido á universidade e que a miña lingua non era o castelán. Da noite á mañá deixei de ser galega.

O primeiro que aprendín foi a non saber. Si, liches ben: a ignorar. Cando un se move por un ambiente coñecido está acostumado a saber, polo menos o básico, de todo o que o rodea. Pola contra, cando un se move nun mundo novo como Cambridge o era para min, o único que sabe é que ten moito que aprender. Así que si, acomodeime na ignorancia, porén non quero dicir que me cerrei ao coñecemento, se non que descubrín que recoñecerse errado é o camiño máis directo á sabedoría.

Pasar tanto tempo como pasaba observando novas culturas fixo que eu fose desenvolvendo unha nova perspectiva do mundo. Descubrín que o estraño non está definido nun libro universal, se non que cada quen lle pon esa etiqueta ao que teme por falta de contacto. A normalidade que residía na miña cabeza comezou a ampliarse tanto como os límites da realidade, pois a variedade de persoas que fun atopando (de todo tipo de nacionalidades, diferentes estratos sociais, intereses de toda índole...) mostroume como a diversidade é precisamente o motor de avance cultural pois proporcionall á sociedade unha verdadeira resiliencia. Tal e como dicía Einstein, para poder solucionar calquera problema, é necesario afrontalo dende un plano de consciencia distinto. E precisamente é iso co que a emigración me agasallou.

Como non, aprendín a valorar a miña lingua e a cultura rural como ferramentas para desenvolverse no mundo. A falta dun idioma común, como a miúdo me ocorría con outros estranxeiros, pon en relevancia a utilidade de calquera lingua, por moi minoritaria que sexa. O galego ten escasamente tres millóns de falantes, pero os seus falantes, grazas ao bilingüismo que nos acompaña, somos capaces de interpretar (con maior habilidade que un castelán falante monolingüe) outras tantas linguas como o son o portugués e o italiano. Esta idea chegoume á cabeza con extrema claridade ao ver como algún británico se ofendía por ser incapaz de comprender o noso

batiburrillo de palabras latinas, que sen chegar a ser correctas eran comprensibles para todos estranxeiros alí presentes. O exercicio trata de abrir a mente a outras posibilidades pois nese batiburrillo incluíanse termos de orixe filipino, unha lingua afectada notablemente polo colonialismo europeo.

Con este tipo de conversas e relacións internacionais tamén un se decata de que as costumes e as “manías culturais” que todos conservamos como se fosen únicas e especiais, non o son tanto. Poño por caso o día no que un amigo me contou como eran as vodas en Irán e que costumes rodeaban o evento. Ao escoitar as abundantes similitudes entre Galicia e Irán comprendín que todo se trata dun tema estético. Escollemos teas e cores diferentes, pero dámoslle a mesma importancia aos nosos traxes de voda. Colgamos grilandas e decoramos con flores dándolles un sentido moi similar a estas. E a comida! A comida é o que lle dá sentido ao evento. Os doces, as carnes, a esaxerada xenerosidade dos anfitrións nun día tan especial como é a unión espiritual de dúas persoas. Resulta que a empatía atópase nas emoción e tamén no “facer das cousas”.

A maleta que levo comigo alí a onde vou está cargada de filtros e emoticonas para así editar as variadas perspectivas coas que miramos este mundo. Son unha retornada e ese adxectivo trae consigo un significado moito máis existencial do que moitos se imaxinan. Ao pisar Galicia síntome na casa mais ao ver un inmigrante (deixando a un lado que non sufro racismo ou xenofobia ningunha) identifícome con eles por esa distancia coa que agora observo a miña cultura de orixe e tamén, por ese estado mental de explorador que a diáspora te obriga a desenrolar.

Con todo, a pesar das experiencias que fun colectando por Europa, existía en min un burato que non se podía encher sen o verdor galego e o cheiro a ouca da costa lucense. Así pois decidín planear o seguinte pedazo da miña vida en Galicia. Agora, aquí, entre carballos e acivros, entre ortigas e infantas, co piar do paporroibo e do xilgaro, co cheiro de castañas asadas e caldo de nabizas; conténtome sabendo que non só retornei á miña terra, se non que participarei no futuro de Galicia valorándoa como só aqueles que algunha vez a perderon o poden facer.



### Un calcetín a emendar

Non che quero mentir dicíndoche que pronto cesará aínda che queda moito por sufrir pois tes moita dor que limpar.

Mais ben o podes ver ti, mentres non te deixes de coidar, cada día es máis feliz e pouco a pouco avanzarás.

Ás veces cara adiantes queres ir e primeiro das un paso atrás porque é importante medir a distancia que vas andar.

E a pesar de que te sintas aquí querendo estar acolá, non significa que non poidas decidir onde queres estar.

Precisas tempo para ti para coñecer a túa verdá, escoitar o que tes que dicir sen que te pisen ao falar.

E aínda que non tes forzas para rir non deixes de lembrar que a túa vida non chegou ao seu fin, tes tempo para descansar.

Todo burato se pode zurcir se un se detén a enfiar.





## HOMENAXE A XOSÉ LAMELA BAUTISTA

Cadro de Olga Bernardo



O día 14 de agosto do 2023 tivemos a ocasión de xuntarnos para facerlle unha sentida homenaxe ao noso benquerido **Xosé Lamela Bautista**. Achegámonos ao cemiterio para depositar unhas flores e escoitamos unhas sentidas e fermosas palabras do seu irmán Manuel e do seu fillo Oscar. Despois trasladámonos á casa onde naceu. A propia Alcaldesa de Lobios, xunto con Manuel e Oscar, descubriron unha placa, creada polo escultor Toño Monteiro, coa inscrición *“Nesta casa naceu Xosé Lamela Bautista (1947-2021). Investigador e autor de “El Xurés y sus misterios” “A Virxe do Xurés”. In memoriam verán 2023.”* Desplazámonos a continuación á Capela da Virxe do Xurés, para compartir momentos entrañables. Xuntámonos moitos participantes, entre eles quero mencionar os seguintes (pedindo disculpas por non lembrarme dos nomes de todos): Manuel Lamela Bautista e a súa dona, Oscar Lamela e a súa dona, sobriños de Xosé Lamela, Toño Monteiro, Pepe Fitoiro (Cinco), Rosa Ramos Pérez, José Yáñez Barros, Marta Delgado González, Noelia Rodríguez Yáñez, José Luís Pérez Rodríguez, Mari Paz Paz, Pedro Díaz Paz, Manolo do Lusitano, Carmen Penim e Maurizio Polsinelli, Pátric Rodríguez, Olga Bernardo, María del Carmen Yáñez Salgado, veciñanza de Padrendo e ami-

gos varios, algúns viñeron dende Andorra. Moitos deles dedicaron unhas verbas moi agarimosas a Xosé. Tamén puidemos disfrutar da interpretación artística de Olga Bernardo, que mentres os interviñentes facían a súa lectura, ela confeccionaba un fermosísimo cadro da Virxe do Xurés, que se pode contemplar na ilustración que acompaña este escrito. Entre outras e varias propostas para continuar e perpetuar a homenaxe a Xosé, que senta un precedente para que se poidan facer máis actos desta índole, quedamos en voltar o vindeiro ano 2024 ao mesmo lugar e plantar un carballo ou un castiñeiro colocándolle un letreiro co seu nome para lembrar e deixar constancia do evento. Finalizamos os actos cun xantar de convivio, no Hotel-Balneario Caldaria de Lobios, baixo a batuta do “Chef Domingos Lorenzo”, que fixo as delicias de tódolos participantes. As lecturas e participacións, na carballeira, foron abondosas, precedidas polo repique de campás a cargo dun grande amigo -Pepe de Fitoiro-, que escorrentaron os males e as doenzas. E finalizaron coa interpretación do himno á Virxe do Xurés, de Carmen Penim e Maurizio Polsinelli, composto por eles mesmos. Era este un encargo que lle encomendara Xosé, e que todos os asistentes tivemos a honra de poder disfrutar del e seguro que quedará para sempre no maxín dos presentes. Un acto de entrañable emoción e satisfacción para tódolos participantes. Entre as moitas intervencións recollo aquí un bocadiño dos escritos feitos e lidos no Adro da Capela da Virxe do Xurés.

*Texto de Suso Díaz:*

## A amizade perdura



*Suso Díaz*

**F**acendo memoria, escribir unhas verbas para o que foi amigo e séguese sendo, en ausencia, volve unha e outra vez á miña memoria un dos encontros que tivemos aquí, na Virxe do Xurés, unha tarde de agosto, a comezos deste século. Quedáramos para falar de Lobios e das terras arraianas, das nosas inxedanzas e dos nosos proxectos. Daquela eu coñecía ben o seu libro *El Xurés y sus misterios*, e xa, por entón, Xosé, pensaba en recadar toda a documentación posible sobre a historia da Virxe do Xurés, e publicar un libro cos seus achádegos como finalmente aconteceu.

Os seus ollos eran vivos e agarimosos, coma a súa voz. Transmitía unha emoción sen límites, sobre calquera cousa que concernía á contorna, en particular a Lobios. Lobios era, é, e sempre será todo, ou parte do todo o que foi, é, e será o investigador, o historiador, o escritor, o amigo, o home que cría nestas terras e sobre todo nas súas xentes.

Daquela, cando nos xuntamos aquí por primeira vez, eu aínda non tiña claro se chegaría a publicar algún libro, e alentaba o seu traballo, sempre

difícil, para o que precisaba moito tempo. Tamén me interesaba saber qué información posuía sobre a parroquia de Manín, a miña, e sobre a Escusalla en particular. Algo que a el tamén o movía e sobre o que andaba pescudando. Despois fóronse sucedendo informacións moi valuosas sobre a casa da Escusalla, datos importantísimos para situala no mapa da certeza, para resolver algunhas das preguntas, das incógnitas que sobre ese lugar circulaban de boca en boca, moitas delas sen fundamento.

Tamén, en boa medida, a Escusalla estará para sempre vencellada á lenda do Marrequeño, lenda que en Ludeiros e na parroquia de Manín, penso que non se coñecía. Así que Xosé Lamela e Manuel Lamela e o equipo de Cuarto Milenio mitificaron esa figura, que xa é unha das moitas lendas coñecidas que se contan sobre ese máxico lugar. Nos últimos tempos, acostumabamos a xuntarnos en Ludeiros, no corete do carballo do Santo, onde lle agradaba ir para respirar o aire que xungue o sentimento arraiano, nesa parte tan próxima á fronteira inexistente, á fronteira sobre a que tamén tiña afondado nas súas pescudas e da que nos tiña dado valuosa información. E, alí, nise lugar máxico para el, e tamén para min, pasabamos horas falando e animándonos mutuamente para levar adiante os nosos traballos. Mais, sobre todo, Xosé Lamela Bautista era Lobios, é Lobios, e sempre será Lobios no máis amplo espazo que poida abranguer a súa concepción de Lobios, de fillo desta terra. Medrou fóra dela para louvala, estudiala, e dende a cerna, amosala ao mundo como o alicerce sen o que a súa vida, coxearía ou se derrubaría. Amigas todas e amigos todos de Xosé Lamela Bautista, estamos orfos, orfos porque nos falta a figura onde soste o noso pasado, a certeza do que somos, de onde vimos, para, talvez, ollar cara onde vamos. A memoria, a nebulosa da memoria é fráxil e pouco certa, é imprescindible a certeza do dato, a análise do acontecido e a transmisión ás xeracións que nos sucedan. Quédanos a súa obra, Lamela é a descuberta, e a constatación do que recollen os seus libros e os seus escritos, dende o comezo dos tempos, para preservar a nosa historia e tamén, algunha da nosa toponimia, como un dos meirandes patrimonios que nos legaron os nosos antergos e que para min é prioritario protexer: de Aquis Ocerensis, Ogeres, á Virxe do Xurés, o Xurés, Padrendo, A Pedreira, O Pombal, O Olmo, A Costa do Santo, A Eira do Lugar de Riva, Ponte de Carballedo en Río Caldo; e A Escusalla, Obóbriga, Calcedonia, A Madalena,

Aceredo-Trasportela, Ludeiros, Cibrán, Polo dá Mitán (Cruz—entendo que do Coto) en Manín, A Reloeira, o Foxo, e a ponte de Carballedo; e tamén recolle A Portela d'Home, O Couto Mixto, Vilarinho da Furna, o Gerês, Terras de Bouro, A Ponte da Barca, Entrimo, Olelas, Xendive; e Lindoso, o Barroso, Chan da Fonte, ou Andorra; Vilameá e Santa Lucía, Bubaces, A Devesa, Torneiros, Os Baños, O Outeiro, As Laxas do Eido, O Louxal, O Corgo do Souto, A Cancela dos Destros da Igrexa, Carballedo, As Sombras, e tamén O Viso, Os Milagres, A Clamadoira, A Pena d'Anaman, e A Aparecida, A Peneda, A Abadía e Pitões, e por suposto Santa Eufemia, a nosa serra, a miña, ligada inseparablemente e eternamente á serra do Xurés.

Mais, insisto, Xosé Lamela Bautista era Lobios, é Lobios, e sempre será Lobios. Tamén foi, e agora é para que nós sexamos, e os que veñan sigan sendo: a Vía Nova ou Xeira, o Camiño de San Rosendo ou o Camiño da Rainha Santa, mesmo o Camiño de Santiago.

Por suposto tamén é o que outros escribiron antes e o deixaron para el, para nós, como Plinio, Ovidio, Florez, Contador de Argote, Benito Fernández Alonso, Juan A. Saco e Arce, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Domingo Fontán, Frei Benito de la Cueva, Jorge Dias, Matos Ferreira, Manuel Murguía, Madoz ou Luís García Mañá. Nos seus libros tamén aparecen os primeiros poboadores destas terras, Bracaros, Bibali, Coelerni e os Calaicos, tamén os Arauxo, o bispo Rosendo de Celanova ou talvez da Cela, e sempre a veciñanza, a de antes (O Coxiño do Guerreiro, O Diego do Caguetas, e O Tío Cerdeda dá Devesa, Diego Valdés Salgado, Cristobal Galego, o ferreiro de Cimadevila de Lobios, ou Miguel Pereira) e a de agora, participando da súa faceta pública como xornalista e divulgador de noso, no *Sempre en Galicia* da radio Cornellá, no *Galegos no BAIX* de Radio Sant Boi, e noutros programas e xornais no que difundía e animaba a nosa participación, a participación da veciñanza do seu Lobios e a Baixa Limia.

Foi o legado da súa avoa Generosa Álvarez Lamela a auténtica apóstolo da Virxiña do Xurés, que tanto amou e traballou para darnos a coñecer as súas investigacións.

Mais volvo a insistir: Xosé Lamela Bautista era Lobios, é Lobios, e sempre será Lobios, o amigo, o veciño o que ficará para sempre na memoria nosa e do noso pobo.

Onde queira que estea, grazas, grazas meu amigo!

*Texto de Manuel Lamela*

IN MEMORIAM

XOSÉ LAMELA BAUTISTA (1947-2021)



*Placa homenaxe*

Foi no día 14 do mes de agosto pasado, que un grupo de amigos de Xosé organizaran unha sentida homenaxe no seu pobo natal, Padrendo-Lobios (Ourense). Resultou unha xornada chea de emocións especialmente pola afinidade e proximidade do homenaxeado. Xosé era irmán. Mas tamén era amigo, compañeiro, confidente, consultor... Era un erudito. E moi actualizado. A miña curiosidade de profundar no coñecemento das cousas levábame a manter con el longas conversas, diálogos, e mesmo debates, en confianza e respecto sempre. Compartíamos ideas e aficións. Ensaíabamos e compuñamos músicas. Xogabamos as cartas, as damas, o xadrez... Dicia que axudaba a exercitar a mente. Con todo, a súa maior paixón foi sempre mergullar no silencio dos arquivos, nas bibliotecas, remexendo vellos pergamiños, tomando apuntes, fotografías... Calquera lugar que encerrase historia, cultura, pasado sobre estas terras do Val do Limia Ourenán, era un atractivo para el. Froito desas investigacións xurdiu *“El Xurés y sus Misterios”*, que se tornou nun referente destas terras. Alguén chegou a cualificar ese libro como *A Biblia do Xurés*. Outro tanto podemos dicir de *“A Virxe do Xurés”*, xa que ademais dun profundo estudo haxiográfico, aporta tal cantidade e variedade de datos que fan que sexa, como mínimo, unha obra interesante.



Como interesantes son os centos de artigos publicados en revistas e xornais, ou as entrevistas, reportaxes, programas de televisión e sobre todo de radio, dedicados de forma recorrente a estas terras da Baixa Limia e de maneira especial ao seu Xurés entrañable. E iso, porque ademais de coñecelo, Xosé, amaba o Xurés.

Andaba metido en varias cousas. Algunhas nun estado moi adiantado, como, por exemplo, unha bonita historia de Santa Eufemia. O Padre Muñóz de la Cueva, Bispo de Ourense de 1717-1728, fixo un retiro para escribir a vida de algúns santos, na que se inclúe a de Santa Eufemia, situando a vida e martirio desta santa nestas terras de Obóbriga, na época romana. Xosé, descubriu que moitos datos non cadraban no tempo nin no lugar, e andaba a voltas cunha nova e preciosa historia desta santa, máis documentada, situándoa na Idade Media, na que acabaría mártir, non dos romanos, mas dos árabes, por volta do ano 1.100, que foi cando apareceu o seu corpo no Campelo, cerca de Manín. Outro tanto hai que dicir da historia dun monxe do mosteiro de Pitóns das Júnias (Portugal), un tal Lorenzo de Vera, que chegou a ser Prior daquela congregación e, cuxa documentación, en boa parte lle foi facilitada polo entón bibliotecario de Oseira, o Padre Damián Yáñez, con quen chegou a manter unha profunda amizade. Xosé comentábame que a documentación que tiña deste personaxe daba para facer unha novela histórica ou unha historia novelada... Andaba niso.

Xosé sentíase orgulloso dalgúns recoñecementos que lle outorgaran pola súa traxectoria profesional, mas do que máis presumía era daqueles recoñecementos pola súa aportación á investigación e difusión dos valores destas terras da Baixa Limia. Era conmovedor ver como trataba a “*Chave e o Bastón*” que lle outorgaran aquel 4 de Xullo de 2015, cando seu nomeamento como “**Xuíz honorario do Couto Mixto**”. En agosto do ano 2021, uns meses após o seu falecemento, o colectivo ARRAIANOS, distinguíuno nun acto en Entrimo con aquel símbolo da “*Boina e a aguillada*”, de “**Arraiano Universal**”. Foi pena haber sido a título póstumo, porque ese galardón houbérao desfrutado como se fose o seu Premio Nobel.

Mas, a placa que no pasado 14 de agosto colocaran na súa casa, entre a súa xente, a xente que el apreciaba, neste seu entorno Xuresiano, certamente ven cerrar un colofón que nin el, nin ninguén, xamais puido soñar. Mas, cando a xente quer, as cousas acontecen.



Xulio Couxil

**P**ronunciei estas verbas no adro da Igrexa da Virxe do Xurés, con motivo da homenaxe que celebramos o día 14/08/23, ao noso benquerido compañeiro e amigo **Xosé Lamela Bautista**, e que non puidemos facer no seu pasamento o día 4 de Xaneiro do 2021.

Quero compartir con todos vosoutros este escrito para que sirva de recoñecemento e lembranza, cativo, pero de fervente amizade e cariño que sentimos por Xosé.

Seguro que moitas persoas estarían tan autorizadas e quizáis máis capacitadas para dirixirle un panexírico ao noso benquerido **Xosé Lamela**, pero o meu atrevemento pode máis e desexo facervos partícipes do que seguro será un compendio de moitos sentimentos tanto persoais como representativos de moitas persoas e entidades coas que se relacionou esta grande persoa que hoxe honramos, pero que permanecerá moi ben representada no noso maxín por moito tempo. A miña relación con Xosé comezou alá polos anos

dous mil, cando dirixía o programa “Sempregalicia”, en Radio Cornellà. Compartin momentos inesquecibles con el e coa súa benquerida Milagros, e tamén con Xurxo tiven un cativo encontro disfrutando dun xantar que sempre lembro con moito agarimo. Fíxome de “cicerone” na descuberta de moitísimos recunchos desta terra, desta Raia Xurés-Gerés, que tanto amaba e que levaba no seu ADN persoal. Aproveito esta ocasión para expoñervos aquí, parte da oratoria que fixo patente cando o nomearon “Xuíz Honorario do Couto Mixto”, o 4 de xullo do 2015. Decía el: *“Penso que este galardón que se me concede non constitúe unha recompensa por algunha razón concreta miña, o que sí creo, é que premia un SENTIMENTO, un sentimento arraiano e galego que levo dentro, un sentimento de emigrante durante 40 anos. Por eso esta distinción non é miña só, é de tódolos emigrantes que sinten Galicia e quero compartila con eles, fundamentalmente cos amigos de Catalunya, concretamente cos membros da A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellà, deixándome ser unha ferramenta máis dentro do seu labor cultural: O Certame de Poesía máis importante da Galicia exterior, a revista Lúa Nova, as presentacións de libros, as Conferencias, os actos e Festas no parque de Can Mercader coa escultura de Rosalía de Castro. Un recoñecemento entrañable para os compañeiros de Radio Cornellà, que cada sábado nos últimos 15 anos levamos o programa en galego “Sempregalicia” e o programa “Galegos no Baix”, en Radio Sant Boi. Sería xusto facer extensivo este recoñecemento ao resto das Entidades Galegas en Catalunya, sempre comprometidas ca nosa cultura galega. Porque do resto das actividades que se me poden outorgar, como as de investigar, escribir, presidir e colaborar en Asociacións, ser Alcalde de Lobios... etcétera, son tan só tributo do tempo libre que lle dediquei á nosa terra e ás nosas xentes da “raia que une”, sempre que puider. Pero non se leven a engano, non hai mérito algún, porque quen máis disfrutou dese tempo e dese traballo, realmente fun eu!”*

Neste pequeno texto, podeades comprobar a valía deste “grande home bo e xeneroso” que foi o noso benquerido Xosé. Demostra unha humildade xenerosa compartindo con todos o nomeamento de Xuíz Honorario.

Tiñamos pendente unha homenaxe na súa lembranza, e hoxe faise realidade. Grazas por deixarme compartila. Remato con estes sencillíños versos, que pretenden resumir un chisco, parte do meu sentimento persoal:

**XOSÉ** ... Deixaches un rastro de amizades;

Algunhas delas presentes  
 E moitas delas ausentes:  
 As das Conferencias impartidas  
 As das conversas na Radio  
 As das degustacións en xantares  
 As das deliberacións en Certames  
 As dos libros presentados  
 E as dos moitos ausentes.  
 Deixas pegadas nos teus compañeiros  
 E nas moitas amizades mantidas  
 E nas túas intervencións radiofónicas  
 Ás que sempre lle engadías  
 Un grande coñecemento e mestría.  
 Fúcheste, pero non nos deixas.  
 Reconfórtanos o recordo  
 Dun amigo rexo e sereo  
 Fidel, claro e bon galego.  
 Alá onde estexas  
 Novas amizades farás  
 Pero non te esquezas de deixar  
 Un oco para as daquí e dacolá.  
 Pouco máis teño que engadir:  
 Irmán Manuel, Fillos e parentes de Xosé:  
 Con cariño e humildade,  
 Que nos tedes ao voso dispor  
 En todo o que serviros poidamos.

Voto man dunha frase recorrente de San Agustín, que quero facer miña: *“Si precisas dunha man, lémbtrate que eu teño dúas”*. Pois eso, querida familia: Contade con esa man e coa nosa disposición para o que precisedes.



# CAMIÑO ANDADO 2023

## América, América (F. Kafka)

— Por: **Henrique Fernández-Mon Sánchez**

**D**e cativo, non poucas veces, ollaba pras lapas do lume, acurrunchado eu no fallo da casa da avoa, atendendo o lume e soñando con aquelas “llapas”, achegándolle os cotramelos de estelas por mor de se afumaren os chourizos. Dunha banda entraban os raios de sol pola xaneliña do lousado logo das noites estrelecidas, das xeadas de inverniá. Aquelas onde a lama se tornaba dura coma un croio, e as pozas das rúas ficaban calladas de xeo mentres que, polas paredes das fontes, penduraban carambos ou carambelos coma os pirulís das feiras. Tamén branqueaban ao luar as roupas que nos tendais brillaban tesas tal postais de Natal. Todo púrpura e sentires inocentes.

Na outra banda do fallo, había dous pombais; e polos seus buratos románicos, podíase ver como entraban e saían as nenas e nenos da miña neada da escola. O barullo remataba xusto á porta desta, onde esperaban os mestres serios e ameazantes. O ritual de entrada, sempre o mesmo: “Buenos días ¿\_Cómo está usted ? ¿\_Bien y tú ? (...vai a tomar polo cu !!! recuncabamos polo baixo, rosmabamos, pois o mestre era facha e xordo, tamén). “\_ Bien gracias,” resposta automática coma unha bala, e ben alto. E así sempre, despois o “rezo mañanero”; e para os miúdos: “haber niños, unidad, decena o centena bla,bla bla...todo elo, xunto cunha ducia de coscorois por falta de atención... “. Para os máis adiantados, enciclopedia de Álvarez 1º, 2º e 3º graos, exercicios de redacción e contas e máis contas das catro regras matemáticas nas pizarras escachadas, mesturado coa memorización de persoeiros importantes das Españas. Facíame muita graza un tal Juan Eugenio Hartzenbusch, dramaturgo el e madrileño. Por suposto, política e relixión non faltaban. Xoan XXIII, Franco e José Antonio presidían ostentosamente a cabeceira do Cadro Negro ou encerado.



*Ollando o Lago en Concord*

O ensino regrado daquelas, e hoxe, inserido quer na “formación del espíritu nacional” á altura, quer no “pensamento único” arestora dende “la consti del 78” neste “mundo globalizado todo baixo un control descontrolado”. Pois mira tu chacho, sihomésí, ten unha funcionalidade o tal ensino dende tempos, que non é outra que a de adoutrinar dende o berce até a universidade... e máis alá. Estamos, xa que logo, mergullados na maré cegadora dos media que manipulan á cidadanía, rexidos os cuais, polos amos do mundo, os que promoven e nos prometen unha Nova Orde Mundial de lindas cores, malia que de mui baixo ou nulo contido cultural e humanista; non existindo, porén, o “Pensamento Crítico” ou o “Libre Pensamento”. Marco Aurelio, Hipatia de Alexandría, Hildegard von Bingen, Exeria, Prisciliano, Leonor de Aquitania... practicaban un Pensamento propio, a costas de non poucos avatares, torturas e sufrimentos.



*Tumba de Kerouack*



*Razoando con Thoreau*

Xa no Renacemento, e máis na ilustración após das revolucións industriais. O ensino, sempre es-tivo ao servizo do poder e da burguesía. Certamente, os ensinantes na actualidade, non deixan de seren servos do Sistema coas cartas marcadas, e coas plantillas feitas a medida. Tanto “progres” coma consevadores, utilizan a mesma metodolo-xía alienante. Todos sabemos o que lles sucede aos que se saen do rego coma Ferrer i Guardia (asasinado) ou mesmo aos pertencentes ás Escolas de Libre Enseñanza ou a calquer alternativa disidente.

Grandes xenios coma Newton, Tesla, Einstein ou Stephen Hawking non lles favoreceu muito ou nada o ensino regrado. Como dicía Michel Foucault: “os cuarteis, os hospitais e as escolas, aseméllanse ás prisións”.

Os que a principios dos oitenta avisabamos dun Novo Tipo de Escravitude que controlaría, inda máis, atraveso dos oligopolios e dos monopolios á Sociedade Mundial, chamábanos pesimistas ou derrotistas. Agora, ben se ve que a ficción supera a realidade con muito.

En todas as datas históricas houbo verdadeiros desastres: miserias, pandemias, escravitude, servidume ou explotacións dos obreiros e dos traballadores. Sempre co pé por riba das cabezas da cidadanía coma se fora unha Espada de Damocles en constante ameaza. Psicópatas, Sociópatas, e persoeiros mui seleccionados para a ocasión, multiplícanse, digo, como niños de velutinas ou vispeiros malignos neste mundo deshumanizado e individualista; mundo no que o ser humano, nen sequera ten a categoría de máquina, xa que non en poucas ocasións é superado pola IA... Estase muito a falar da IA, sihomesí; pro, e de momento, o que produz este desenfreno evolutivo virtual é de-

cadencia social, marxinalidade, precariedade e un desprezo total, sobre todo de cara á xuventude que en non poucos casos, xa locen canas brancas sen teren un traballo dignamente remunerado, apesares de seren “lisensiados” e esas cousas... Non se ve que vaíamos de cara a unha emancipación ou liberación social. Máis ben todo o contrario. Consumidos consumidores cansos de consumir. Somos Serviles Santos Inocentes...

Andivemos, en fin, e xa van aló catro ou cinco anos... por Concord hom, razoando en soidade ante a estatua, o caseto, a paraxe e mailo lago onde Henry David Thoreau (Concord, Massachusetts) se auto-confinou unha boa tempada para auto-afirmarse na súa posición ante sistémica de Desobediencia Civil albiscando, xa, aquel falso Soño Americano “que se le escapó la mano y no quedaba nada que ofrecer...” que cantaba Joan Batista Humet.

Thoreau deixou pegada en filósofos, escritores, e mesmo políticos como León Tolstoi, Louise Mai Alcott, Ernest Hemingway, Wal Whitman, Mahatma Gandi, ou mesmo Noan Chomsky sen esquecer a anarquista-feminista Xudeu-lituana Emma Goldmman alcumada como “a muller máis perigosa de América”. Tamén a Xeración Beat de William Borroughs ou Jack Kerouack beberon desa súa fonte de vinte tomos e un retiro de dous anos, dous meses e dous días: Desobediencia Civil e Os anos de Walden.



*Ante o Monolito de Kerouack*

# VIGO NOIR, CIDADE ILUSTRADA

Por: **María Xosé Porteiro.**  
*Xornalista. Escritora.*

“Vigo é unha cidade de novela, unha cidade, sobre todo, de novela negra, grazas a obras de escritores como Domingo Villar, Pedro Feijoo, Manuel Forcadela, Leticia Costas ou Beto Luaces, que a elixiron como escenario criminal e a converteron, nalgún caso, mesmo nun personaxe máis da historia”. Con este texto presentábase un coloquio sobre Vigo Noir, cidade ilustrada que tivo lugar o 18 de maio de 2023, no edificio Redeiras da Universidade de Vigo. Estaba auspiciado pola Facultade de Filoloxía e Tradución con axuda da Vicerreitoría de Extensión Cultural da Universidade de Vigo, e organizada por José Montero Reguera, decano; Blanca Miranda Rodas, doutoranda sobre a tradución do Vigo Noir e Iolanda Galanes Santos, profesora.



*Conversas coa nosa xente. Vigo Noir, cidade ilustrada.*  
UVigo.



*Covardes.*  
M. X. Porteiro

A incorporación de Vigo aos escenarios internacionais do xénero Noir asentábase así no imaxinario colectivo a través dunha actividade académica e, ao propio tempo, de divulgación cultural que, segundo a organización do evento, pretendía “indagar sobre os motivos e as condicións que se dan e se deron para que figuras literarias como Pedro Feijoo, María Xosé Porteiro ou Manuel Forcadela escollesen Vigo como escenario das súas novelas criminais”. Na conversa participou tamén o profesor da Universidade do Minho, Xaquín Núñez Sabarís (premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2020), que foi o primeiro en estudar a categoría Vigo Noir nos estudos literarios. Para a organización do evento, alén das autoras e autores citados, o Vigo criminal “atópase tamén na obra de Álex Alonso (premio Xerais 2020), Francisco Castro, Laura Caveiro, Leticia Costas, Rodrigo Cota, Manuel Esteban (premio Xerais 2016), Elena Gallego Abad, Beto Luaces, Cándido Paniagua ou do multipremiado Domingo Villar, entre outros/as.

A escolla do lugar, o Berbés, e da data, no cabodano do pasamento de Villar, non foi por acaso, senón pola intención de homenaxear ao escritor finado un ano antes, polo que desde a organización incidiron en que “transitar polas rúas de Vigo, na ollada de Mariña e Simón de Os Fillos do Lume, na de Toni Barreiro de Sanguie sobre a neve ou



*Blanca Miranda, Xaquín Núñez, María Xosé Porteiro, Manuel Forcadela, Pedro Feijóo, Iolanda Galanes, José Montero, nas Conversas Vigo cidade ilustrada*

pola Zona vella de Covardes son a oportunidade de descubrir unha nova cidade. O seu potencial transmedial fíxose patente na difusión interior e exterior do Vigo de Leo Caldas. Sirva este acto para honrar a memoria da cidade e de quen a converte día a día coa súa escrita nun lugar literario, afincado xa no imaxinario do público lector.”

Esta convicción da Universidade viguesa confirma o papel sobranceiro dun contexto urbano galego que se consolida como un espazo de protagonismo e central na literatura do xénero negro co pulo recibido polo éxito do citado Domingo Villar, eixo arredor do que xira esta realidade literaria que estreita os lazos do autor coa cidade que foi o seu amado contexto literario.

A escritora Berta Dávila xa describira ao inspector Leo Caldas creado por Domingo Villar como “un detective de novela. Inspector da Policía Nacional, a quen lle gustaban o jazz dos garitos con fume .../... o viño branco, a Taberna do Elixio e se movía como peixe na auga por Vigo e arredores. Debedor dos seus homólogos estadounidenses de mediados dos 50 pero sen o seu radicalismo

sociopolítico, Caldas protagonizou os tres libros cos que Domingo Villar catapultou o noir galego. Non foi o pioneiro, pero si o de máis éxito e, sen dúbida, o que atravesou máis fronteiras cunha escritura accesible e irónica e un amor infatigable polos escenarios vigueses. Aí naceu en 1971 e alí faleceu en 2022.”


Alén das conexións indubidables de Domingo Villar cos clásicos norteamericanos, o finado autor tampouco ocultaba a súa admiración polo escritor barcelonés de orixe galega (Souto, Lánacara, Lugo), Manuel Vázquez Montalbán, pai literario do seu detective comunista, Pepe Carvalho, de quen se declaraba admirador outro clásico, Andrea Camilleri, que lle rendeu tributo co nome dado ao seu detective Montalbano. Neste senso, o tamén escritor, Diego Ameixeiras, interpreta “A viaxe de Carvalho de Lánacara a Vallvidrera coma o inicio dese periplo que non chegaría a completar (.../...) apenas acompañado dunha “ambigua sensación de territorialidade ingrata” que Montalbán advertira en 1947, cando viaxou por primeira vez a Galicia para coñecer os avós de Souto, cun pai que procuraba o reencontro coa familia despois de sufrir represión e cárcere. Anos despois, o fillo escribiría en *Pero el viajero que huye*: “Más allá del silencio / entre barcos varados / en los mares de mármol / donde buscan su rumbo las aves sin suerte”. Así quedou Pepe Carvalho, volvendo a un sur chamado Lánacara.”

Velaquí algunhas das conexións emocionais e culturais que van configurando, no tempo e nos espazos, un territorio recoñecible e con proxección fóra das fronteiras locais do chamado Vigo Noir, a traveso de múltiples experiencias no xénero criminal que agroman a partir dos anos 70 na cidade máis populosa e dinámica de Galicia e se consolidan e confirman case cincuenta anos despois.

Semella que a semente non deixará de medrar porque Galicia tense manifestado coma unha terra onde non falla o talento literario, cunha notable industria editorial e lectoras e lectores dispostos a ser parte deste proceso cultural engaiolante.



*Francisco Castro, Inma López Silva, Xina Vega, María Xosé Porteiro, Pedro Feijóo, nun acto sobre Vigo Noir organizado pola revista A Moviada en decembro de 2023*



*Waterblue eyes.  
Domingo Villar.*



# UN CARTEIRO LABREGO

Por: **Armando Fernández López**

**D**e Liñares de Queizán, do Concello de a Proba de Suarna (**Francisco Fernandez López**) comezou a facer o reparto coma carteiro nalgunhas parroquias e grande parte do Concello de A Fonsagrada.

Os seus inicios foron coma contratado, eran días alternos ata que, despois dun tempo, acadou a praza definitiva neste Concello. Concretamente no ano 1970 comeza a súa tarefa co seu propio transporte, coido que tiña un pequeno emolumento para gastos de combustible, aínda que o centro principal era a Estafeta de A Fonsagrada.

Nun principio encargábase de levarlle toda a correspondencia e a paga aos maiores, avós e avoas das diversas aldeas que tiña encomendadas. Cántame que cando chegaba o carteiro era unha festa, unha ledicia recibilo, sempre levaba boas novas, mantiña

unha conversa agradable, parrafeaba con eles, era recadeiro, non só de noticias e correo senón tamén de novidades e noticias de toda a contorna. Percorrendo as aldeas de cada parroquia, como carteiro rural en cada lugar participaba das inxerencias e circunstancias que tiñan e, se precisaban algunha cousa sempre se ofrecía e botaba unha man en todo o que as súas posibilidades lle permitían. A súa experiencia é longa de contar. Seguro que ten moitísimas anécdotas interesantes, encargos que se esqueceu, cousas que lle reclamaron e quen non viñan a contao, conversa de certa discrecionalidade, “secretiños” entre veciños... etcétera, pero quedan para outro momento. Moitas anécdotas e moitas situacións diferentes, por veces de necesidade e axuda, noutras ocasións de diversión e festa, celebrando un bautizo, unha visita especial, un

cumpleanos, un almuerzo ou un xantar campestre cheo de engado e familiar, como tiña que ser.

Segundo as estatísticas consultadas, máis dun setenta por cento da poboación daquelas aldeas e parroquias eran persoas maiores, xubiladas e bastante necesitadas de compañía e, por veces, de axuda. Por eso como carteiro sempre se sentiu moi valorado e apreciado, non só polo traballo desempeñado senón tamén pola “vidiña” que lle daba, que el mesmo compartía, nalgúns momentos a tódolas persoas que visitaba.

O que levaba con máis dificultade era cando falecía algún viciño ao que lle podía levar algunha carta ou recado con noticias non desexables. Sempre se lles colle agarimo e aprezo e a súa falta nótase e encolle os sentimentos. Sentíao como un amigo máis, como unha parte máis das súas obrigas e os sentimentos afloraban. Este carrexador de noticias e paquetes considerábase un portador de boas novas, pero ás veces non sempre chegaban como desexaban os receptores. Iso sí, os xiros e envío de diñeiro era unha grande nova, que nos finais da súa laboura coma carteiro foron devecendo e baixando en intensidade ao chegar as novas tecnoloxías e a implantación bancaria con máis modernidade. Coñecía os camiños, corredoiras, carreiros e camiños congostos posibles, tódolos recunchos para chegar aos máis recónditos lugares onde se atopara calquera viciño ou poboador daquela contorna. Aínda lembra cómo facían os seus antecesores que repartían as cartas, telegramas, tarxetas, xiros e demais encargos con cabalos ou machos porque os autos aínda non estaban preparados para poder salvar as dificultades daquelas subidas congostras e montañas rurais.

A meirande parte dos carteiros deste Concello da Prova de Suarna, eran labregos. Aproveitaban a celebración das feiras ou enterros para entregar as cartas aos seus receptores, para evitar ter que desprazarse a eses lugares remotos. Algúns dos seus compañeiros tamén repartían o correo co seu propio auto e tiñan unha conversa moi afable. Estes carteiros, e Francisco tamén, vían pasar a vida entre as leiras, soutos, prados e lameiros. Eran coñecido polo seu propio nome. Os días de neve eran os peores, tanto para eles coma para os propios viciños. Eles repartían sen presa pero sen pausa. Coñecían a vida dos seus paisanos, as súas inquedanzas e, se me apuras cómo tiñan a saúde e as visitas aos médicos. Sempre podían dispoñer dun momentíño para tomar un cafetiño e conversar aínda que tan só fora do tempo que facía, dos fillos ou dos netos que xa non estaban canda eles,

na aldea. Sempre sen presa pero sen pausa. Moitos dos compañeiros de Francisco Fernández López, están xubilados coma el, e seguro que tamén teñen moitas anécdotas e historias que contar. Algo que se debería recoller nalgún libriño ou edición para que se puidera ter como documentación, algo que servira para coñecer as moitas cousas que lembran das súas vivencias e que seguro non sabemos deles.



**37 años**

**Sempre en Galiza**

En radio Cornellà (FM 104.6)

Tamén nos pode escoitar en:  
[www.cornellaweb.com/Radio/](http://www.cornellaweb.com/Radio/)  
e no enlace:  
<http://semprengalicia.blogspot.com/>

O programa de radio  
da A.C.G. Rosalía de Castro  
Dirixe Xulio Couxil Vázquez  
Todos os sábados,  
de 6 a 8 do serán  
¡As noticias en directo  
dende Galicia!

**¡Escóitanos!**





# CURIOSITATS SOBRE Galícia

Monuments, naturalesa, tradicions ... i molt més!  
Galícia guarda una sèrie de curiositats  
que ens conviden a visitar-la

Por: **Bartolomé Jiménez Cazorla**

*Cornellà de Llobregat, octubre 2023*



## La Torre d'Hèrcules

Considerat l'únic far romà del segle I que actualment està en ple funcionament.

Es troba en A Corunya, amb 57 metres d'alçada, conté 239 esglaons.

Hi ha diferents llegendes relacionades sobre la seva construcció. Una d'elles, conta que Hèrcules va arribar en barca a les costes al voltant de la Torre, i que fou precisament allí, el lloc on va enterrar el cap del gegant Gerión, després de vèncer-ho en combat.

## La platja de sorra negra no volcànica única al món

En plena Serra de Capelada es troba la platja de Teixidelo, única a tot el món amb sorra negra no volcànica.

D'accés complicat, pel fet que el camí està poc senyalitzat, val la pena visitar-la, amb l'ajuda d'algun guia, donat que és un entorn pràcticament verge on els únics companys de viatge seran cavalls salvatges, cabres, vaques i insectes.



## La muralla romana de Lugo (Lucus Augusti)

És l'única que conserva totalment el seu perímetre intacte, a més de ser la millor conservada de la península Ibèrica, formant part del patrimoni de la humanitat.

Al llarg de la història ha estat modificada en diverses ocasions com, per exemple, obrir noves portes, seguint les directrius de l'enginyer romà Vitrubio.

El conjunt defensiu té una longitud de 2.117 m i una amplada de 4,20 m, arribant fins als 7 m en alguns trams.

També sorprèn que durant molt de temps hi habitaven famílies que utilitzaven part de l'estructura de la muralla per viure i estalviar diners.



### Furanchos per menjar i beure com un gallec de tota la vida.

La parròquia de Redondela és un lloc espectacular d'on es veu l'Ensenada de San Simón i el pont de Rande, ubicada a la província de Pontevedra.

A Redondela trobem els Furanchos, també anomenats Loureiros o Canastos, que són locals ubicats en habitatges privats identificats amb una fulla de llorer a les portes o les reixes de les cases, on se serveix l'excedent de vi de la darrera collita, acompanyat d'un abundant menjar.

Hi ha un decret que regula l'obertura dels Furanchos, que només poden obrir entre l'1 de desembre i el 30 de juny, per no coincidir amb la temporada alta perquè es consideren competència deslleial per bars i tavernes.



### La ria més gran de la península Ibèrica.

Amb 230 km<sup>2</sup>, 33 km de llarg i una profunditat de 69 m fan a la Ria d'Arousa la més gran de la península Ibèrica.

Forma part de les Ries Baixes, situada entre la Ria de Muros i Noia al nord i la Ria de Pontevedra al sud.



Explica la llegenda que la Ria d'Arousa són les empremtes dels dits de Déu, que mentre creava el món, va recolzar la mà en aquests terrenys per descansar.

### Espanya i el Descobriment d'Amèrica... des de Galícia!

Cristóbal Colón va descobrir Amèrica per casualitat o per equivocació, ja que realment buscava una ruta comercial entre Àsia i Europa.

Una errada de navegació, amb la primera caravel·la, va provocar que Colón tornés per Galícia i no per Andalusia. En concret, va arribar a Baiona l'1 de març de 1493.

Per commemorar que Galícia fou el primer lloc de retorn, la ciutat celebra el primer cap de setmana de març de forma medieval, la *Festa da Arribada*. A la festa no falten els vestits i el menjar típic de l'època.



### Ramon Verea de Aguilar, polifacètic.

Nascut a Pontevedra, Ramon Verea va ser un home polifacètic, inventor, mestre, escriptor, periodista...

Després de Pontevedra va viure a Cuba, Puerto Rico, Argentina i Nova York.

Va inventar una màquina per plegar diaris, venent-se mes tard la patent a la ciutat de Nova York, on va residir. L'any 1875 funda la impremta "El Polígloto" i a més a més crea una "Agència Industrial per la compra de maquinària i efectes de moderna invenció"

L'any 1878 inventa la primera calculadora mecànica capaç de sumar, restar, multiplicar sis números i dividir números de nou xifres. Avui en dia es conserva a Nova York, a la seu de l'IBM.

### Teixadal de Casaio és el bosc més antic.

El teix és un arbre excepcional que un dia va estar estès per tota Galícia, però que avui en dia desafortunadament, queden pocs exemplars i difícilment es poden trobar formant boscos.

Teixadal de Casaio, en el municipi de Carballeda de Valdeorras (Ourense) existeix un dels boscos més grans naturals de teixeixos que hi ha a Europa. El podem trobar a la part nord de les muntanyes més altes de Galícia, el massís de Peña Trevinca i confrontant amb Castella i Lleó.

Els celtes del Mont Medulio, els darrers defensors de la independència de Gallaecia, davant els romans, el van utilitzar per suïcidar-se col·lectivament abans de rendir-se al conquistador.

Cal destacar, que la seva escorça conté axol, un dels més potents anticancerígens que es coneixen, i que les fulles es van utilitzar com antídoto contra les mossegades de l'escurçó o per curar la ràbia.



# FRASEOLOXÍA NACIONAL POPULAR

Por: Xosé Manuel Fernández Montes

**N**on podía faltar a unha nova cita coa revista Lúa Nova, unha publicación senlleira que polos variados e interesantes contidos que recolle na súa edición anual é xa unha obra para coleccionistas. E dentro deses contidos, o equipo de dirección ten a ben contar coa miña humilde colaboración dedicada á fraseoloxía.

Grazas á miña inqueda intelectual polo tema, a que poño a orela sempre en conversas propias e alleas, e a que levo sempre unha libretina comigo, resúltame doado recoller de cando en vez algunhas pingadas de sabedoría popular. E parte deses ditos e frases que quedan rexistrados no meu caderno son compartidos despois nesta sección co obxectivo de dárvolos a coñecer, e tamén para que os empregades contribuíndo así a que non se perdan.

Aquí vos deixo dúas expresións ou aforismos que recollín ultimamente:

## *Poñerse nas patas de atrás*

Creo que esta frase non é das máis descoñecidas para a maior parte das e dos que esteades lendo este artigo. Como ben podedes deducir, esta expresión emprégase para referirse a alguén que se revela por algo, que se defende ante un ataque e que, en definitiva, “saca as unllas” metaforicamente falando.

Hai situacións nas que non queda outra que dicir “aquí estou eu” para contrarrestar algún ataque persoal, dialéctico ou físico, e defender a propia dignidade, e integridade física se fose o caso. E neste contexto é no que ten xeito encaixar esta frase, moi acaída e ilustrativa.

## *Andar levado do demo*

Velaquí outra frase feita moi popular, desas que non están no faio da nosa memoria e que aínda se escoitan polo país adiante.

Aplícase a alguén que está enfadado nun grao superlativo, tanto é así que semella que fungue e bote lume pola boca da furia que leva dentro. Neste sentido, atopei algunhas frases que expresan o mesmo como “Ir como o Diaño”, ou “Ir feito unha furia”.

Para vir a dicir que unha persoa está influenciada ou posuída polo mesmo Demo xa vos podedes imaxinar a magnitude do cabreo e a carraxe que pode levar dentro...



Remato cunha recomendación. Recollede, empregade e compartide a sabedoría popular que levedes dentro para que non se perda. Calquera dito ou frase que queirades partillar comigo enviádeaa a [xosemax@gmail.com](mailto:xosemax@gmail.com)



**43**  
anos

da A.C.G. Rosalía de Castro, de CULTURA GALEGA en Cornellà de Llobregat (Catalunya)



**ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA ROSALÍA DE CASTRO**

Federico Soler, 71 · Cornellà de Llobregat (Barcelona) · Tel.: 93 375 11 03

✉ e-mail: [acgrosaliadecastro@gmail.es](mailto:acgrosaliadecastro@gmail.es) [facebook.com/luva\\_nova](https://facebook.com/luva_nova)

COA COLLABORACIÓN:

